

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de xuño de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a M^a. Carmen Silva Rego

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día un de xuño de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(503).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 18 de maio de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(504).- DAR CONTA DE SENTENZAS, AUTOS E DECRETOS.

Dáse conta das seguintes Sentenzas, Autos e Decretos remitidos por Asesoría Xurídica:

a) Expte. nº 10401/111. Decreto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no P.E./DF 56/2017. Obxecto: Resolución do 7-2-2017. Servizos mínimos en folga na UTE Luz e Vigo. Desestimento do actores.

b) Expte. nº 10425/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A N.º P.A. 74/2017. Obxecto: Resolución do 30.11.-2016, sanción de tráfico (expte.168630070). Desestimado o recurso.

c) Expte. nº 10411/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A n.º 62/2017 PA. Obxecto: Resolución do 15.12.2016 TE-A C. de VIGO. Desestimación de reposición contra dilix. de embargo en relación con sanción de tráfico (exptes.4122/550, 29848/700). Estimado o recurso.

d) Expte. nº 10423/111. Decreto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A n.º 50/2017 PA . Obxecto: Resolución do 30.11.2016, sanción tráfico (Expte. 168663363). Acepta o desestimento do actor.

e) Expte. nº 10430/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A n.º 76/2017 PA. Obxecto: Resolución do 29.12.2016- Reclamación patrimonial administrativa, caída na vía pública (Expte. 4920/243) Desestimado o recurso.

f) Expte. nº 10408/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A N.º P.A.61/2017. Obxecto: Resolución TE-A do 25.8.2016 -IIVTNU ("plusvalía"). Expte. 4222/550, 28038/514. Desestimado o recurso.

g) Expte. nº 9743/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 222/2016. Obxecto: Resolución do 26.2.2016. Solicitude de prórroga no servizo activo (expte. 27357/220). Estimado parcialmente.

TSXG, Sala do C-A, Secc. 1ª. APELACIÓN 419/2016. SENT. Nº 219 do 26 abril 2017. Estimado en parte o recurso.

h) Expte. nº 9684/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 141/2016 PA. Obxecto: Resolución do 7 de xaneiro de 2016 desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial, por danos como consecuencia dunha caída na Avda. de Castrelos nº9 (Expte. 4461/243) Desestimado o recurso.

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sala do Contencioso Administrativo. Sección Primeira. Recurso de apelación n.º 456/16. Desestimado o recurso.

i) Expte nº 10436/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A N.º P.A. 79/2017. Obxecto: Pagamento bonificado sanción de tráfico (expte. 168702060). Estimado o recurso.

k) Expte.nº 10395/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 26/2017 PA . Obxecto:Resolución do 15.11.2016, responsabilidade patrimonial administrativa, danos en vehículo no Vao o 20-10-2012 (Expte.5227/243 -e 4190/423). Inadmisibilidade do recurso.

l) Expte. nº 10331/111. Sentenza do Xulgado do Social nº 4 de Vigo. Proc. 950/2016 (Sanción) Obxecto: Resolución do 8.3.2016. Expediente disciplinario (suspensión emprego e soldo de 9 días.-expte.: 12691/77). Estimado parcialmente.

m) Expte. nº 9988/111. Sentenza do X.do Social nº 4 de Vigo. Procedemento Ordinario nº 730/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes, contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión do contrato LINORSA-MANTELNOR (XGL 11.4.2016), art. 226 TRLCSP) Reclamacións Previas - expdte. 4017/440 (XGL 7.10.2016). Estimada a demanda e absolto o Concello de Vigo.

n) Expte. nº 9970/111. Sentenza do X.Xulgado do Social nº 1 de Vigo, procedemento Ordinario nº 723/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes, contratos administrativos do servizo de limpeza, Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11.4.2016). Reclamacións Previas – expdte. 4017/440 (XGL 7.10.2016). Estimado parcialmente o recurso e absolto o Concello de Vigo.

o) Expte.nº 9969/111. Sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Vigo. Procedemento Ordinario nº 711/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades, salarios pendentes, contratos administrativos do servizo de limpeza. Cesión dos contratos LINORSA-MANTELNOR (XGL 11.4.2016). Reclamacións Previas – expdte. 4017/440 (XGL 7.10.2016). Estimado parcialmente o recurso e absolto o Concello de Vigo.

p) Expte. nº 10378/111. Sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 89/2017. Obxecto: Reclamación de cantidades, diferenzas retributivas (período 23.03.2012 a 22.03.2013). SENTENZA nº 289, do 3 de maio do 2017. Estimada a demanda.

q) Expte. nº 10477/111.Decreto do X.do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 105/2017 PA. Obxecto:Resolución do 30.10.2014. Accidente de moto o 7.5.2013 na V.G. 20. Expte. 4365/243. Desestimento do actor.

r) Expte. nº 7782/111. Decreto do X.do Social nº 1 de VIGO. modificación sustancial condicións laborais 26 /2013. Obxecto: contrato administrativo de servizos con Clece desde o 2-11-2012. Desestimento das actoras.

s) Expte. nº 10432-111. Auto do X.do Contencioso-Administrativo nº 1 de A CORUÑA. Abreviado nº 38 /2017. Obxecto: Resolución do 27/01/2017 ditada

no expediente sancionador de imposición de multa por non identificar ao conductor (Expte.168696633). Declara rematado o procedemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(505).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA. EXPTE. 139405/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 28/04/17, asinado pola técnica de Servizos Económicos, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Área de Política Social, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e o asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 19 de decembro de 2013, aprobou a adjudicación a EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA. do contrato do servizo de teleasistencia domiciliaria (expte. 82392/301), por un prezo total de 11,75€ usuario/mes (IVE incluído). O custo máximo do contrato á data da concesión estableceuse en 155.126,40 euros IVE incluído.

O apartado 3.j das Follas de Especificacións do contrato anexas ao prego de cláusulas administrativas particulares, establece a procedencia da revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20% do seu importe, recollera o 50% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adjudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas, ou respecto da data en que termite o dito prazo de tres meses se a adjudicación se produce con posterioridade.

O contrato formalizouse con data 30 de xaneiro de 2014.

En expediente 114883-301 aprobouse a primeira revisión de prezos para o período decembro/2013-xaneiro/2015, quedando fixado o prezo do contrato en 76.554,88 euros ano.

En expediente 120967-301 aprobouse a segunda revisión de prezos para o período xaneiro/2015-xaneiro/2016 quedando fixado o prezo do contrato en 76.440,05 euros ano.

O índice de prezos de consumo no período a revisar xaneiro/2016-xaneiro/2017, experimentou unha variación do 3% segundo datos do INE que se achegan. Tal e como se determina nas bases, o incremento recollerá o 50% da variación experimentada, quedando fixada, polo tanto, a efectos do cálculo no 1,50% sobre a cantidade a actualizar (76.440,05 euros). O importe correspondente á variación do IPC neste período ascende a 1.146,60 euros.

O contrato a partir de febreiro 2017 pasa a ter un importe un importe anual de 77.586,65 euros. O prezo/mes/usuario a partir da actualización para un máximo de 550 usuarios é de 11,75 euros IVE incluído (11,30 mais 4% do IVE)

Polo exposto con anterioridade, *proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

“Primeiro: Aprobar a modificación do prezo do contrato do servizo de teleasistencia domiciliaria, adxudicado a EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA, NIF A79022299, derivado da revisión do IPC no período xaneiro-2016/xaneiro-2017, quedando establecido en 77.586,65 euros ano.

Segundo: Regularizar na primeira facturación que se presente a partir da notificación do presente acordo, o importe facturado dende febreiro de 2017.

Terceiro: Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro, ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123-124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(506).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA 10ª EDICIÓN DE “BALONMÁN NA RÚA” O VINDEIRO SÁBADO 3 DE XUÑO DE 2017. EXPTE. 16057/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 29/05/17, asinado polo director Deportivo-xefe da Unidade técnica, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes:

A entidade Federación Galega de Balonmán, con CIF (G-36690832), solicitou o día 12-05-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170068176), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 10 ° EDICION BALONMÁN NA RÚA*
- Data: 3 de xuño de 2017*
- Horario: 10.00 a 16.00h*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro sábado 3 de xuño de 2017, os partidos se levarán a cabo na rúa Areal, entre a rúa Oporto e a rúa Serafín Avendaño, nun horario de 10.00h a 16.00h.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Federación Galega de Balonmán, con CIF (G-36690832), a organizar o vindeiro sábado 3 de xuño de 2017, o evento deportivo denominado 10º edición de BALONMÁN NA RÚA, os partidos se levarán a cabo na rúa Areal, entre a rúa Oporto a Serafín Avendaño, comenzando ás 10.00h e ramatando ás 16.00h.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(507).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010 DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DAS SÚAS INSTALACIÓNS ANEXAS. EXPTE. 3574/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15/05/17 e o informe de fiscalización do 24/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 26/05/17, asinado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro delegado de dito Servizo e o o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

-Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 18 de outubro de 2016, o Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, acordou iniciar o expediente de contratación dun SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- 1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo xefe de participación e atención cidadá o 18 de outubro de 2016.*
- 2. Orde de inicio de 18 de outubro de 2016, o Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.*
- 3. Datos do persoal adscrito ao servizo de atención telefónica a través do teléfono 010 que se está a prestar na actualidade co número de documento 160145072.*
- 4. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 25 de novembro de 2016, asinado polo xefe de participación e atención cidadá .*
- 5. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 25 de novembro de 2016, asinado o polo xefe de participación e atención cidadá, co conforme do concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.*
- 6. Dilixencia de devolución do expediente para completar documentación de data 129/01/2017.*
- 7. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 23 de marzo de 2017, asinado polo xefe de participación e atención cidadá.*
- 8. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 23 de marzo de 2017, asinado o polo xefe de participación e atención cidadá, co conforme do concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.*
- 9. Informe solicitude de tramitación do expediente de data 5 de xullo de 2016, asinado polo xefe de participación e atención cidadá, co conforme do concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.*
- 10. Informe do servizo de contratación de data 24 de marzo de 2017, asinado pola técnica de administración xeral.*
- 11. Prego de cláusulas administrativas de data 24 de marzo de 2017, asinado pola técnica de administración xeral.*
- 12. Dilixencia de devolución de data 17 de abril de 2017, asinado pola letrada-xefa de asesoramento.*
- 13. Informe ás observacións da Asesoría Xurídica de 24 de abril de 2017, asinado polo xefe de Participación e Atención Cidadá.*
- 14. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo xefe de participación e atención cidadá o 24 de abril de 2017.*

15. Orde de inicio de 24 de abril de 2017, o Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
16. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, do 24 de abril de 2017, asinado polo xefe de participación e atención cidadá.
17. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinado o 24 de abril de 2017 polo xefe de participación e atención cidadá, co conforme do concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
18. Informe de conformidade do servizo de contratación coa documentación aportada asinado pola técnica de administración xeral de data 10 de maio de 2017.
19. Prego de cláusulas administrativas particulares do 10 de maio de 2017., asinado pola técnica de administración xeral.
20. Informe xurídico de conformidade da letrada-xefa de asesoramento e conformidade da titular da asesoría xurídica de data 15 de maio de 2017.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 109.1 do TRLCSP iniciarase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por Decreto Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado de Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distrito, en resolución de 18 de outubro de 2016, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.3 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo Xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral do servizo de contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto. Xustifícase a elección deste procedemento porque tal e como dispón o artigo 141 da LCSP procede empregar o procedemento aberto.

Cuarto.- En cumprimento do disposto nos artigos 113 TRRL e no apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo o día 30 de setembro de 2016, informe favorable ó expediente de contratación.

Quinto.- No artigo 109.3 do TRLCSP establécese que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TRLCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 110.1 TRLCSP).

A vista das anteriores circunstancias, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobar o expediente de contratación (3574/321) por procedemento aberto do SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010.

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 28 de abril de 2017 e o prego de cláusulas administrativas de 10 de maio de 2017 que rexirán a contratación do SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010.

3º.- Aproba-los gastos que deseguido se relacionan para a contratación do servizo de vixilancia dos centros municipais de distrito, con cargo á partida 9240.227.99.00 do presuposto correspondentes:

- 2017 40.556,14 €
- 2018 243.336,85 €
- 2019 243.336,85 €
- 2020 243.336,85 €
- 2021 202.780,71 €

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(508).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO PARA COADJUVAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DIRIXIDAS Á POBOACIÓN XITANA NO MARCO DOS PROGRAMAS DE LOITA CONTRA A DISCRIMINACIÓN DURANTE O ANO 2017. EXPTE. 13851/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 22/05/17, e o informe de fiscalización do 23/05/17, dáse conta do informe-proposta do 4/05/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, o concelleiro de legado de dito Servizo e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A lexislación vixente, e en particular da Lei 5/2014, do 27 maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, co obxecto de esclarecer términos de competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación recollidos na mesma, establece no seu artigo 3._ “En particular, non se entenderán como exercicio de novas competencias”:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

...”

No marco deste contexto o Concello de Vigo, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado dende o ano 2001 e moi especialmente nos anos 2014, 2015 e 2016, continuará co convenio de colaboración coa Fundación de Secretariado Xitano, na consideración do emprego como "núcleo central dos orzamentos para o ano 2017", e dentro das expectativas deste Concello prevése a xeración de uns 500 novos postos de traballo coas políticas de emprego, así como cos investimentos públicos municipais, novos contratos mediante programas de inserción laboral, axudas á creación de emprego.

Así mesmo, deseño e dirección das políticas de promoción económica local e das políticas activas de emprego, así como aquelas outras tendentes á posta en valor dos recursos endóxenos e ó desenvolvemento económico local, especialmente dos tendentes á mellora da ocupabilidade dos desempregados (orientación, formación e inserción laboral), á adquisición de experiencia laboral e o apoio ás iniciativas empresariais e de autoemprego do ámbito local.

Nas propostas elaboradas polo Concelleiro da área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, establécese unha estratexia municipal de cara a mellora do benestar dos cidadáns e establécense as directrices e os instrumentos para a obtención dun emprego estable, de calidade, en igualdade de condicións, seguro e ben remunerado.

Dentro dos obxectivos marcados por Galicia en materia de emprego atopámonos con: a incorporación de mulleres en ocupacións nas que están subrepresentadas; incorporación laboral das persoas discapacitadas; actuacións relacionadas co mundo rural; actuacións relacionadas cos colectivos en risco de exclusión social; complementar a formación dos recién titulados universitarios cos requirimentos das empresas galegas e facilitar a súa incorporación ao mercado de traballo; mellora das condicións de seguridade no traballo.

Nas bases de actuación contemplase o uso das TIC's, como un dos medios na busca dos obxectivos de integración de colectivos desfavorecidos, mais tendo en conta que a sociedade do coñecemento non garante, por si soa, senón que introduce o risco de que se produzan diferencias cada vez maiores entre quenenes teñen acceso aos novos coñecementos e os que, por partir dunha situación de obxectiva desvantaxe, quedando estes últimos á marxe das novas oportunidades. Para evitar este risco certo e aproveitar ao máximo este novo potencial, débense facer esforzos para mellorar as cualificacións, promover un acceso amplo aos coñecementos e loitar contra o desemprego.

O emprego é a mellor e máis segura salvagarda contra a exclusión social. En efecto, o emprego e o seu presuposto, a formación, constitúen factores esenciais no proceso de integración e plena participación sociais dos grupos vulnerables ou en risco de exclusión, obxectivo preferente da acción das entidades asinantes deste Convenio, pois esta vía de socialización permite ás persoas facer o que os demais fan e tórnaas socialmente visibles e útiles, estendendo o sentimento de pertenza e de corresponsabilidade no desenvolvemento e progreso da comunidade.

Un dos colectivos con maior risco de exclusión é a comunidade xitana, polo que, tanto o Concello de Vigo como a Fundación Secretariado Gitano conveñen na necesidade de establecer unha cooperación tendente a aunar os seus esforzos de cara a posibilitar unha maior inserción social e laboral da comunidade xitana, que conleve a posta en práctica das Directrices do Plan de Acción para o Emprego do Reino de España. As partes coinciden en que a situación das persoas xitanas, con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego,

require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. Neste sentido, considérase á comunidade xitana como un grupo específico, cun proceso de inserción laboral que require, segundo manifestan os expertos, e dadas as súas peculiaridades e diferencias culturais, un tratamento especializado e integral, que debe ser impulsado de forma positiva cunha política global, de xeito que se superen actuacións parciais ou fragmentadas, así coma o risco da dispersión dos recursos dispoñibles.

A Fundación Secretariado Gitano é a encargada de xestionar as actuacións dirixidas á poboación xitana no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social, no que se enmarcan as actuacións obxecto do presente convenio, e que teñen como obxectivo esencial a inclusión social da poboación xitana dende o punto de vista da formación e o emprego.

O Concello de Vigo, en atención a estas consideracións, desexa estreitar lazos, unir esforzos e actuar aunadamente para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego, acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración.

Nas devandidas actividades a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese social e laboral, como son:

- A cualificación profesional e o acceso de persoas xitanas a profesións e empregos por conta allea, atendendo ás súas demandas de acordo ás ofertas de contratación por parte das empresas.
- Achegamento e adaptación dos servizos xerais de formación profesional e emprego aos xitanos e xitanas desempregados, para que podan acceder a estes como resto dos cidadáns.
- A sensibilización sobre os prexuízos e prácticas discriminatorias das que as persoas xitanas son vítimas, así como a mellora progresiva da súa imaxe social.
- A xeneralización de políticas máis activas para a comunidade xitana con obxecto de mellorar efectivamente as súas condicións de vida e garantir a igualdade de oportunidades no seu acceso a bens e servizos públicos.

Na consideración de que a Fundación Secretariado Gitano é a encargada de xestionar as actuacións dirixidas á poboación xitana a través dos Programas Operativos de Inclusión Social e Economía Social e o Programa Operativo de Empleo Juvenil 2014-2020 que o Ministerio de Emprego e Seguridade Social encargou como organismo beneficiario á FSG a través da Resolución 105 e 106 de 28 de Decembro de 2015, publicada no Boletín Oficial do Estado (BOE) de 5 de xaneiro de 2016, para a execución do proxecto de Itinerarios integrados de Inclusión Socio-Laboral para a poboación xitana, enmarcada na Prioridad de Inversión 9.2 *Integración socioeconómica de comunidades marginadas tales como a poboación romaní* e no Obxectivo Temático 8.2 sobre a *integración sostible no mercado de traballo dos xóvenes que corren o risco de sufrir exclusión social e os procedentes de comunidades marxizadas*.

O Concello de Vigo a través da concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos pretende formalizar un convenio de colaboración coa Fundación Secretariado Xitano.

As circunstancias anteriores nas que se ten en conta a identidade cultural do pobo xitano, así como a misión da FSG encamiñada a promover o acceso das persoas xitanas aos dereitos, servizos, bens e recursos sociais en igualdade de condicións que o resto da cidadanía, desenvolvendo todo tipo de accións que contribúan a alcanzar a plena cidadanía das persoas xitanas, a mellorar as súas condicións de vida, a promover a igualdade de trato e a evitar toda forma de discriminación, así como a promover o recoñecemento da identidade cultural da comunidade xitana, así como a súa implantación no colectivo en Vigo, Galicia e resto do estado, son circunstancias que impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado. Así mesmo, o convenio de colaboración rexistraráse na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Polo anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobado o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Fundación Secretariado Xitano para o desenvolvemento de accións dirixidas á poboación xitana no marco dos programas de Loita contra a Discriminación.

2º.- Facultar ao concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, para asinar o citado convenio.

3º.- Así as cousas, o concello de Vigo no orzamento para o ano 2017 se contempla a partida 2410 4890002, onde se preve nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Fundación Secretariado Xitano.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 16.000,00€, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo á partida orzamentaria 2410 4890002 "Convenio Fundación Secretariado Xitano" de Desenvolvemento Local e Emprego.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO 2017

Na Casa do Concello de Vigo, ____ de ____ de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde Presidente do Ilmo Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, co CIF P-3605700-H, con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo

Doutra, don Isidro-Juan Rodríguez Hernández con DNI 50804366-B , Director da Fundación Secretariado Gitano, CIF nº G83117374 e enderezo social en Ahijones s/n, 28018 Madrid, na representación da mesma, segundo poder acreditado con documento notarial nº de protocolo 875 e data 23 de agosto de 2011.

Ambas partes interveñen en virtude dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades e atribucións que teñen conferidas para poder convenir e obrigarse no nome das institucións e ámbitos que representan.

MANIFESTAN

A construción dunha Europa moderna, cohesionada e socialmente integrada pasa pola extensión da liberdade, a xustiza, a igualdade e a solidariedade entre todas as persoas, para o que é necesario e eliminar os obstáculos de toda clase que impiden ou limitan aínda o exercicio dos dereitos cidadáns, a plena participación de todos e todas no curso ordinario da vida social e o acceso en igualdade de condicións a bens e servizos da comunidade.

Que as directrices para o crecemento intelixente, sostible e integrador, apostan polo fomento duna economía con alto nivel de emprego que tenga cohesión social e territorial, como expresamente recoñécese na Comunicación da Comisión Europea COM 2010-2020 final: EUROPA 2020: Unha estratexia para o crecemento intelixente, sostible e integrador" do 3 de marzo de 2010, que aposta por un crecemento integrador dando protagonismo as persoas mediante altos niveis de emprego, invertindo en cualificacións, loitando contra a pobreza e modernizando os mercados laborais e os sistemas de formación e de protección social para axudar ás persoas a anticipar e xestionar o cambio, e a construír a unha sociedade cohesionada.

A sociedade do coñecemento non garante, por si soa, senón que introduce o risco de que se produzan diferencias cada vez maiores entre quen se teñen acceso aos novos coñecementos e os que, por partir dunha situación de obxectiva desvantaxe, quedan á marxe das novas oportunidades. Para evitar este risco certo e aproveitar ao máximo este novo potencial, débense facerse esforzos para mellorar as cualificacións, promover un acceso amplo aos coñecementos e loitar contra o desemprego.

O emprego é a mellor e máis segura salvagarda contra a exclusión social. En efecto, o emprego e o seu presuposto, a formación, constitúen factores esenciais no proceso de integración e plena participación sociais dos grupos vulnerables ou en risco de exclusión, obxectivo preferente da acción das entidades asinantes deste Convenio, pois esta vía de socialización permite ás persoas facer o que os demais fan e tórnaas socialmente visibles e útiles, estendendo o sentimento de pertenza e de corresponsabilidade no desenvolvemento e progreso da comunidade.

Tanto o Concello de Vigo como a Fundación Secretariado Gitano conveñen na necesidade de establecer unha cooperación tendente a aunar os seus esforzos de cara a posibilitar

unha maior inserción social e laboral da comunidade xitana, que conleve a posta en práctica das Directrices do Plan de Acción para o Emprego do Reino de España, así como as do propio Concello de Vigo. As partes coinciden en que a situación das persoas xitanas, con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. Neste sentido, considérase á comunidade xitana como un grupo específico, cun proceso de inserción laboral que require, segundo manifestan os expertos, e dadas as súas peculiaridades e diferencias culturais, un tratamento especializado e integral, que debe ser impulsado de forma positiva cunha política global, de xeito que se superen actuacións parciais ou fragmentadas, así coma o risco de dispersión dos recursos dispoñibles.

I.- *Que a Fundación Secretariado Gitano é a encargada de xestionar, dirixidas á poboación xitana a través dos Programas Operativos de Inclusión Social e Economía Social, no que se enmarcan as actuacións obxecto do presente convenio; e que teñen como obxectivo esencial a inclusión social da poboación xitana dende o punto de vista da formación e o emprego.*

II.- *Que o Concello de Vigo, en atención a estas consideracións, desexa estreitar lazos, unir esforzos e actuar aunadamente para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego, acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración.*

III.- *Que nas devandidas actividades a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese social e laboral, como son:*

- 1. A cualificación profesional e o acceso de persoas xitanas a profesións e empregos por conta allea, atendendo ás súas demandas de acordo ás ofertas de contratación por parte das empresas.*
- Achegamento e adaptación dos servizos xerais de formación profesional e emprego aos xitanos e xitanas desempregados, para que podan acceder a estes como resto dos cidadáns.*
- A sensibilización sobre os prexuízos e prácticas discriminatorias das que as persoas xitanas son vítimas, así como a mellora progresiva da súa imaxe solcial.*
- A xeneralización de políticas máis activas para a comunidade xitana con obxecto de mellorar efectivamente as súas condicións de vida e garantir a igualdade de oportunidades no seu acceso a bens e servizos públicos..*

Así as cousas, o concello de Vigo no orzamento para o ano 2017 contempla a partida 2410 4890002, onde se prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Fundación Secretariado Xitano.

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- *Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais da administración concedente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin e regular os ter-*

mos da concesión da devandita subvención, que ten por obxecto a realización das actividades que se describen no parágrafo I do apartado dos Pactos.

V.- Que a Fundación Secretariado Xitano non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente 13851/77.

VI.- O presente Convenio ten por obxecto fixar os termos de colaboración entre os firmantes para o desenvolvemento das accións que se dirixirán á Poboación Xitana no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social 2014-2020 e do Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020, que o Ministerio de Emprego e Seguridade Social encargou como organismo beneficiario á FSG a través da Resolución 105 e 106 de 28 de Decembro de 2015, publicada no Boletín Oficial do Estado (BOE) de 5 de xaneiro de 2016, para a execución do proxecto de Itinerarios integrados de Inclusión Socio-Laboral para a poboación xitana, enmarcada na Prioridad de Inversión 9.2 Integración socioeconómica de comunidades marginadas tales como a poboación romaní e no Obxectivo Temático 8.2 sobre a integración sostible no mercado de traballo dos xóvenes que corren o risco de sufrir exclusión social e os procedentes de comunidades marxinas.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e laboral que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Fundación Secretariado Xitano, o Concello de Vigo e a dita fundación conveñen a súa colaboración no ámbito socio-laboral e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- *A Fundación Secretariado Xitano comprométese a colaborar coa Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo en canto á mellora da capacidade de integración e incorporación da comunidade xitana no mercado de traballo e o emprego e o impulso de políticas sociais máis activas coa mesma; e concretamente, a desenvolver na cidade de Vigo as seguintes actuacións:*

III *Accións de orientación socio-laboral cuya finalidade será a acollida, orientación laboral, orientación socioeducativa, acompañamento e acceso da poboación xitana, a formación e o emprego. Este centro estará ubicado en Vigo e atenderá a poboación xitana e outra poboación en situación de vulnerabilidade social que habita no mesmo, así como nas suas áreas de influencia.*

- Accións de difusión do servizo e os recursos para o acercamento da poboación xitana os mesmos.*
- Accións de diagnóstico e avaliación competencial, que permitirán a definición do perfil personal e profesional e o deseño do itinerario socio-laboral.*
- Avaliación social: para a medición de barreras e condicionantes persoais, familiares e sociais que impidan/faciliten o itinerario a desenvolver.*
- Avaliación competencial Emplea + valoración das competencias básicas, transversais e profesionais precisas para a incorporación ó mercado laboral.*
- Establecemento do perfil/obxectivo profesional consensuado e deseño do itinerario personalizado de inserción laboral por conta propia.*
- Avaliación das competencias emprendedoras para o desenvolvemento dun itinerario personalizado de inserción laboral.*

- *Avaliación socio-familiar: no caso de familias en situación de exclusión e pobreza severas, de maneira que se identifiquen os aspectos básicos suxeitos a intervención coordinada con outros servizos para iniciar su proceso de inclusión socio-laboral.*
- *Accións de activación e motivación cara o mercado laboral e o retorno educativo (segunda opción), así como de mantemento no sistema educativo, facendo especial fincapé na muller xitana.*
- *Accións de orientación laboral e acompañamento na búsqueda de emprego: estas accións contemplan unha serie de actuacións dirixidas á autonomía na búsqueda de emprego da persoa, mediante o coñecemento do recursos, o mercado laboral, estratexias de comunicación, o uso de novas tecnoloxías, a organización familiar e persoal, derechos e deberes laborais.*
- *Accións de orientación educativa que consisten na realización dun acompañamento ó alumnado e as súas familias para que ambos poidan mellorar as súas competencias e lograr o éxito escolar. Mediante entrevistas individualizadas con os pais e nais trabállanse aspectos que son clave para lograr o obxectivo, mentras que as tutorías co alumnado permiten traballar de xeito individualizado detectando as dificultades que poian ir surdindo.*
- *Accions de mellora das competencias educativas, profesionais, básicas e transversais, tales como:*
 - *Accions de motivación e sensibilización cara a mellora da cualificación.*
 - *Accións de formación en competencias básicas e transversais.*
 - *Accións de formación profesional en colaboración con empresas.*

ACTIVIDAD		USUARIOS O PARTICIPANTES (estimados)	
		TIPO	Nº
G	DESARROLLO GENERAL DEL PROYECTO ACCEDER	PERSONAS GITANAS	230
1	LIMPIEZA OFICINAS Y DESPACHOS	PERSONAS GITANAS	10
2	COMPETENCIAS CLAVE	PERSONAS GITANAS	15
3	LOGISTICA DE ALMACEN	PERSONAS GITANAS MENORES DE 30 AÑOS	10
4	MARCA PERSONAL Y BUSQUEDA DE EMPLEO EN REDES SOCIALES	PERSONAS GITANAS MENORES DE 30 AÑOS	30
5	AYUDANTE DE COCINA EN FAST FOOD.	PERSONAS GITANAS MENORES DE 30 AÑOS	10
6	LIMPIEZA INDUSTRIAL.	PERSONAS GITANAS	10

III Accións de formación e de reforzo educativo para a obtención do graduado en ESO e a continuidade en estudos postobrigatorios.

- *Accións de formación en diversidade e igualdade de trato.*

- *Accións de intermediación con empresas que permitan adecuar a intervención ás necesidades do mercado laboral, así como facer de ponte entre a empresa e a poboación xitana.*
- *Accións de mentoring en empresas, para motivar na continuación de estudos obrigatorios e postobrigatorios dende a realidade da empresa.*
- *Accións de apoio ó emprego protexido, que permitan a transición ó mercado laboral ordinario de aquelas persoas que están en situación de vulnerabilidade extrema.*
- *Elaboración de estudos e informes sobre a poboación xitana nos ámbitos do emprego, a educación, a vivenda, a pobreza e a exclusión social, así como a súa difusión e transferencia de coñecemento en xornadas e eventos públicos.*
- *Accións de formación, información e sensibilización cara a poboación xitana, as administracións públicas e institucións, as empresas, os medios de comunicación, outros axentes clave e a sociedade en xeral.*
- *Accións de promoción da igualdade de trato, loita contra a discriminación e asistencia a vítimas. Desenvolvemento dunha serie de actuacións de asesoramento e apoio dirixidas a impulsar políticas sociais mais activas coa Comunidade Xitana. Estas actuacións irán dirixidas as entidades públicas e privadas, que traballan directamente coa poboación xitana e con competencias na implantación ou desenvolvemento de políticas de inclusión sobre a mesma; especialmente administración pública autonómica, local e entidades sociais. O desenvolvemento destas accións realizaranse a dous niveis: parte delas dirixiránse con carácter xeral ó conxunto de Comunidades Autónomas que participan no Programa Operativo; parte delas realizaránse en exclusiva para a Comunidade Autónoma de referencia deste Convenio. Anualmente a Comisión de Seguimento, prevista na cláusula octava, será consultada para aqueles que se desenvolvan a nivel estatal e decidirá as que se executen con carácter exclusivo na Comunidade Autónoma.*

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

1º.- Unir esforzos e actuar coa Fundación Secretariado Gitano para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego.

2º.- Conceder directamente á Fundación Secretariado Gitano, unha subvención por importe de 16.000,00 euros (DEZASEIS MIL EUROS), con cargo á partida 2410 4890002, do vixente orzamento, co obxecto de cofinanciación das actividades que no parágrafo I do apartado de Pactos se describen no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social 2014-2020, para a execución das accións do Programa Acceder e do Programa Promociona.

Terceiro.- *Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

A Fundación Secretariado Gitano deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *En base aos artigos 42 e ss. do RD 887/2006 de Regulamento da LXS, poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da Fundación, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.*

Quinto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- *A Fundación Secretariado Gitano non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

Sétimo.- *A Fundación Secretariado Gitano debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a identificación dos proxectos que se levarán a cabo, de xeito que a identidade corporativa dos asinantes se respecte en todo momento e o carácter público da iniciativa sexa coñecido por parte das persoas usuarias da mesma*

Oitavo.- *A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.*

Noveno.- *Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario.*

A Fundación Secretariado Gitano, no prazo de 1 mes a contar desde o remate da actividade subvencionada 31 de outubro de 2017, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custe total foi de 158.207,30 €.

A tal efecto deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

–Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio en formato papel e electrónico, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.

▯) A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Emprego que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario que se acorde como responsable do seguimento deste convenio será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará a cada Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados. As contas xustificativas que conterán con carácter xeral, a seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:
 - Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
 - Datas e lugar de celebración.
 - Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
 - Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
 - Actuacións realizadas.
 - Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
 - Facturas orixinais polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:
 - Número e no seu caso serie.
 - Nome e apelidos ou denominación fiscal.
 - Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
 - Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)
 - Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
 - Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base imponible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.
 - Lugar e data de emisión.

- Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.

Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a Fundación solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe esacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar o corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ata o 31 de outubro de 2017.

Décimo segundo.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A Fundación deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo sexto.- A Fundación está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión duna subvención formalizada mediante o presente convenio de colaboración, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Fundación Secretariado Xitano, no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, ás normas de dereito privado.

Décimo novena.- Co obxecto de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, crearase unha Comisión de Seguimento que desenvolverá as funcións que ao respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:

- A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do Convenio.
- A determinación dos obxectivos do plan anual de traballo.
- A supervisión dos informes de seguimento e avaliación, así como seguimento do seu desenvolvemento.
- Cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.
- Participar nas reunións que teñan lugar a nivel autonómico.

A tal fin, dita Comisión de Seguimento está integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un representante do Concello de Vigo e actuando como secretario/a o outro representante do mesmo, e tendo que reunirse, cando menos, dúas veces ao ano. Os/as representantes do Concello de Vigo serán nomeados polo Alcalde, a proposta do Concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e voluntariado. A Comisión de Seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.

Á súa vez os membros desta Comisión de Seguimento participarán nas reunións que se organicen na Comunidade Autónoma, nas cales estarán presentes o resto de entidades que participan no proxecto no ámbito autonómico.

Vixésima.- A este Convenio poderán adherirse e cooperar no seu desenvolvemento, as organizacións públicas e privadas (empresas, fundacións, medios de comunicación, ...), así como asociacións que interveñen coa comunidade xitana que se atopen en condicións de cooperar ao maior e máis eficaz desenvolvemento destas iniciativas.

Vixésima primeira.- Prazo de vixencia do convenio. A vixencia do convenio será dende a data de sinatura ata o 31 decembro de 2017.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a de de 2017

7(509).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CON “CC.OO DE CONSTRUCCIÓN E SERVIZOS GALICIA” NO MARCO DO FOMENTO DE EMPREGO MEDIANTE O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “A NEGOCIACIÓN COLECTIVA”. EXPTE. 13995/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 12/05/17, e o informe de fiscalización do 23/05/17, dáse conta do informe-proposta do 11/05/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, o concelleiro de legado de dito Servizo e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o a mellora das condicións laborais e o fomento do emprego, cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa organización sindical sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias conforme aos seus estatutos das “CC.OO. de Construcción e Servizos Galicia” e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos tres últimos anos, mediante a sinatura de convenios de colaboración con asociacións de empresariais, sindicais e outras, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
 - b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.
- ...”

O Concello de Vigo como instrumentador de políticas de emprego, está a executar novas iniciativas de fomento do Emprego de cara a incidir directamente na mellora da empregabilidade da cidadanía viguesa.

A continuación das iniciativas de fomento do Emprego, xurden para dar resposta á problemática que ten esta cidade en relación coa xente moza e as persoas desempregadas de longa duración, motivada na súa maior parte pola situación económica actual.

– Dentro destas iniciativas de fomento do Emprego para o ano 2017, se pretende mediante a realización dun estudio sobre a negociación colectiva, se poidan detectar as fortalezas e as debilidades das pequenas e medianas empresas, que a súa vez complementa o estudio desenvolvido durante o ano 2016, en colaboración co Concello de Vigo.

–O estudio que se pretende desenvolver está baseado en tres apartados con intereses comúns:

- Os traballadores e traballadoras, poderán dar a coñecer de xeito ordenado os aspectos que teñen desde o seu punto de vista máis importancia.
- Os empresarios e empresarias, que poderán coñecer de xeito indubidable cales son as prioridades na negociación colectivas dos seus empregados e empregadas.
- Os sindicatos, que lles permitirá ampliar as súas fontes de información e fortalecer os lazos cos seus representados e representadas.

–Estas actividades enmárcanse dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, puidendo promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños e veciñas e, dentro destes, a prestación dos servizos de xeito máis eficaz o que redundará nunha mellor promoción e reinserción social, en concordancia co establecido Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local.

–CC.OO. de Construción e Servizos Galicia, solicita a través dun escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o pasado 6 de abril de 2017 co nº de documento 170050663 , a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio que a través dun proxecto destinado a estudar “**A negociación colectiva**”.

Este convenio de colaboración ten previstas as seguintes actividades:

- Estudio comparativo do articulado dos convenios colectivos de varios sectores.
- Elaboración de cuestionarios para a súa distribución entre os traballadores das empresas seleccionadas.
- Análise dos datos obtidos e elaboración dunha plataforma de negociación colectiva.

Actividades e obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos municipais de fomento do Emprego, senon máis ben, os complementan, como se amosa de seguido:

- Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.

- Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.
- Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan aos servizos de emprego deste concello.
- Establecer procedementos de transición de ensino regrado ao mundo laboral.
- Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.
- Inserir laboralmente aos colectivos con máis dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.
- Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.
- Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

A aportación por un importe total de **14.355,32 €** do Concello de Vigo, á “CC.OO. de Construción e Servizos Galicia”, se realiza pola necesidade de mellorar a negociación colectiva e o coñecemento das necesidades e inquietudes dos traballadores e traballadoras e das empresas e, tendo en conta que “CC.OO. de Construción e Servizos Galicia” é unha organización que ten unha importante presenza na clase traballadora, o que lles permitirá desenvolver o proxecto presentado, o que permitirá mellorar as posibilidades de mellorar as condicións laborais.

O orzamento necesario para cubrir os custes salariais do persoal que se precisaría polo Concello de Vigo, para desenvolver un estudio que permita coñecer as inxerencias da clase traballadora, e poñer á súa disposición, así como do empresariado canta información e orientación sexa posible, , así como a elaboración de materiais informativos e divulgativos, superaría amplamente o importe total do previsto no convenio para salarios aínda sen engadir os custes de gastos correntes solicitados e que en todo caso terían que ser asumidos polo Concello.

Doutra parte a contratación do servizo con empresas adicadas a esta actividade sería por un prezo moi superior, en todo caso, á achega municipal ao convenio.

Ademais dos custes propios do persoal (14.105,32 €), establécense uns gastos necesarios para o desenvolvemento das accións previstas no convenio e que suman a cantidade total de 250 € para material de oficina, o resto dos gastos necesarios para desenvolver o proxecto (instalacións, teléfono, electricidade, equipamento, etc) serán asumidos pola propia entidade.

Tendo en conta o prazo de execución do proxecto (17/04/2017 ao 30/09/2016), as imputacións a efectos orzamentarios será contra a partida 2410 4800003 “Convenio cc.oo Fomento do emprego”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2017.

Establécese a inexistencia de relación laboral entre as persoas traballadoras directa ou indirectamente beneficiarias da subvención que se pretende conceder á “CC.OO. de Construción e Servizos Galicia” e o Concello de Vigo.

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- *Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “CC.OO. de Construción e Servizos Galicia”, con CIF: G87066395.*
- *Autorizar o gasto de 14.355,32 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800003 “Convenio CC.OO. Fomento do emprego”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2017, e comprometer o mesmo a favor da “CC.OO. de Construción e Servizos Galicia”, para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio de colaboración.*
- *Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, para asinar o citado convenio.*
- *Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "CC.OO. DE CONSTRUCCIÓN E SERVIZOS GALICIA" NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO SOBRE NEGOCIACIÓN COLECTIVA.

Na Casa do Concello de Vigo, ____ de ____ de dous mil dezasete.

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Héctor Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de 6 de febrero de 2013 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febrero de 2013), con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra parte, Don Sergio López Rivera, co DNI 79320901L en calidade de Secretario Xeral das "CC.OO. De Construcción e Servizos Galicia", facultado por acordo de 10/03/2017 pola Comisión Executiva de CC.OO. de Construcción e Servizos de Galicia, con domicilio social na Avda. Alfonso Molina Km 2 3ª de A Coruña e CIF G87066395.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecendo reciprocamente a capacidade suficiente par asinar este convenio.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento do emprego no pequeno comercio mediante a creación de redes de establecementos en espazos abertos e colaborativos que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa organización sindical sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias conforme aos seus estatutos das "CC.OO. de Construcción e Servizos Galicia" e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos catro últimos anos, mediante a sinatura de convenios de colaboración con asociacións de empresariais, sindicais e outras, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

..."

A estratexia polo emprego que supón esta iniciativa non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego das persoas máis vulnerables cara a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ó mercado laboral, e para elo é preciso poñer á súa disposición tanta información e orientación sexa posible, e moi especialmente da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración e que se concretan na

realización dunha serie de actividades informativas e participativas, fomentando mediante o coñecemento e, a súa implicación a creación de emprego, procurando que os custos do convenio de colaboración sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias a **“CC.OO. de Construción e Servizos Galicia”**.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta e a formación de persoas desempregadas o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de persoas desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa **“CC.OO. de Construción e Servizos Galicia”**.

A colaboración coa **“CC.OO. de Construción e Servizos Galicia”**, dentro do marco do fomento do emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais si fora necesario e do persoal do propio sindicato, con un gran coñecemento do entorno laboral e experiencia no apoio ás persoas mozas e as persoas desempregadas de longa duración, permitirá desenvolver políticas de busca de emprego, de tal xeito que lles permita a súa incorporación ao mundo laboral.

MANIFESTAN

I.- - Que a **“CC.OO. de Construción e Servizos Galicia”**, conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 6 de abril de 2017 co nº de documento 170050663, ten entre outros, os seguintes obxectivos:

- ➔ Desenvolver un estudio que está baseado en tres apartados con intereses comúns:
 - Os traballadores e traballadoras, poderán dar a coñecer de xeito ordenado os aspectos que teñen desde o seu punto de vista máis importancia.
 - Os empresarios e empresarias, que poderán coñecer de xeito indubidable cales son as prioridades na negociación colectivas dos seus empregados e empregadas.
 - Os sindicatos, que lles permitirá ampliar as súas fontes de información e fortalecer os lazos cos seus representados e representadas.

Calquera nova contratación que poida realizarse para a consecución destes obxectivos deberá cumprir coa condición de ser persoa desempregada e empadroada na nosa cidade e será coordinada e apoiada desde a propia entidade.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á **“CC.OO. De Construción e Servizos Galicia”**, a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da empregabilidade contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc, máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de laboral-formativo e experiencial que permitan lograr que as persoas traballadoras sexan actores clave na mellora da situación de crise actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos, así como de persoal cualificado cara á mellora da súa empregabilidade redundando no beneficio da cidade en xera, e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como a presenza que ten a **“CC.OO. De Construción e Servizos Galicia”** entre os traballadores e traballadoras de todos os sectores e idades, e a falta de persoal

especializada na elaboración deste tipo de traballos de difusión, e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2017, para o desenvolvemento dun convenio co “CC.OO. De Construción e Servizos Galicia” para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- *Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto de axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ó mercado laboral, ao por a disposición deles canta información e orientación sexa posible, mediante o desenvolvemento dunha campaña a nivel municipal, dividida en diversas liñas de actuación, encamiñadas á mellorar as expectativas de emprego da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración.*

V.- *Que a “CC.OO. De Construción e Servizos Galicia” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.*

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da “CC.OO. De Construción e Servizos Galicia”, o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- *A “CC.OO. De Construción e Servizos Galicia” comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo en canto desenvolver un proxecto no que se pretende mediante a realización dun estudo sobre a negociación colectiva, se poidan detectar as fortalezas e as debilidades das pequenas e medianas empresas, que a súa vez complementa o estudo desenvolvido durante o ano 2016, en colaboración co Concello de Vigo.*

Asumir a programación, organización e xestión, sempre co acordo do servizo xestor (a concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos), das seguintes actividades:

- 2. Estudo comparativo do articulado dos convenios colectivos de varios sectores.*
- 3. Elaboración de cuestionarios para a súa distribución entre os traballadores das empresas seleccionadas.*
- 4. Análise dos datos obtidos e elaboración dunha plataforma de negociación colectiva.*
- 5. As contratacións serán exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2017.*
- 6. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.*

7. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
8. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
9. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
10. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
11. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
12. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da "CC.OO. De Construción e Servizos Galicia".
3. Conceder directamente á "CC.OO. De Construción e Servizos Galicia" unha subvención por importe de 14.355,32 €, dos 14.105,32 € corresponden aos custes salariais e de seguridade social do persoal de nova contratación e da propia entidade e 250,00 € para material de oficina, necesarios para o desenvolvemento do proxecto, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800003 "Convenio CC.OO. Fomento do emprego", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- Comisión de seguimento.

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Tres vocais:
 - Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 - Dous membros da “CC.OO. De Construción e Servizos Galicia”.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluíra a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.*
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.*
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.*

Décimo.- *A beneficiaria, antes do 1 de novembro de 2017 deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ... euros.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda.

As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.*
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.*
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.*
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.*
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.*

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora do convenio procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da axuda e si o

importe do xustificante impútase total ou parcialmente á axuda conveniada; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da convenio procederá á devolución do orixinal.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro y demás responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencions. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancions que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

Décimo primeiro.- *Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

Décimo segundo.- *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **17 de abril o 30 de setembro de 2017**.*

Décimo terceiro.- *A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacion con Sindicatos. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.*

Décimo cuarto.- *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacion con Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo quinto.- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:*

- 1. Incumplimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.*
- 2. Incumplimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.*
- 3. Incumplimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.*
- 4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumplimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

5. *Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.*
6. *Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa da actividade obxecto do convenio, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo do convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

Décimo sexto.- *En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreziación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

Décimo sétimo.- *A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da axuda obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade realizada e demais actuacións previstas en orden á conclusión do proceso, polo que a súa achega é obligatoria.*

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- *A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola "CC.OO. De Construción e Servizos Galicia" no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.*

Décimo noveno.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en ma-*

tería de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo.- O período de vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2017.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2017.

8(510).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTO A XUSTIFICAR. EXPTE. 102628/140.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/05/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En relación á/ás contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/a favor</i>
Barbará Rodríguez Beatriz	201700004701	92062302000	206,74	206,74	18/01/17	03/02/17	18/04/17	0,00	0,00
Barbará Rodríguez Beatriz	201700004702	9206.2312000	350,00	466,96	18/01/17	03/02/17	18/04/17	0,00	116,96
Espada Recarey Luis	201700003911	9250.2200000	700,00	133,60	17/01/17	31/03/17	17/04/17	566,40	0,00
Espada Recarey Luis	201700003912	9250.2200100	500,00	468,80	17/01/17	31/03/17	17/04/17	31,20	0,00
Espada Recarey Luis	201700003913	9250.2279900	17.999,00	10.218,45	17/01/17	31/03/17	17/04/17	7.780,55	0,00
Espada Recarey Luis	201700006650	9250.2269901	327,00	327,00	26/01/17	02/02/17	26/04/17	0,00	0,00
Fernández Fernández Paz	201700034656	2310.4800002	7.058,65	7.058,65	10/04/17	20/04/17	10/07/17	0,00	0,00
García Álvarez Luis	201700004434	9200.2219902	500,00	103,03	18/01/17	03/05/17	18/04/17	396,97	0,00
García Álvarez Luis	201700007974	92002312000	50,00	50,00	30/01/17	08/03/17	30/04/17	0,00	0,00
García Álvarez Luis	201700013027	9201.2312000	381,13	315,73	16/02/17	06/04/17	16/05/17	65,40	0,00
García Álvarez Luis	201700013029	9201.2302000	18,70	18,70	16/02/17	06/04/17	16/05/17	0,00	0,00
García Álvarez Luis	201700013030	9201.2302000	14,10	14,10	16/02/17	05/04/17	16/05/17	0,00	0,00
García Álvarez Luis	201700013032	9201.2312000	385,90	275,87	16/02/17	05/04/17	16/05/17	110,03	0,00
Gutiérrez Orús Francisco Javier	201700023806	9251.2240000	3.969,00	3.969,00	06/03/17	16/03/17	06/06/17	0,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	201700003713	1320.2269900	3.000,00	797,33	16/01/17	12/04/17	16/04/17	2.202,67	0,00

Martínez Muñoz Francisco	201700003714	1320.2312000	600,00	14,40	16/01/17	12/04/17	16/04/17	585,60	0,00
Quintela Rodríguez M.ª José	201700008571	2310.4810000	422.874,00	422.874,00	03/02/17	13/02/17	03/05/17	0,00	0,00
Riobó Ibañez Marta	201700005380	9120.2200100	1.000,00	762,50	26/01/17	27/04/17	26/04/17	237,50	0,00
Riobó Ibañez Marta	201700005383	9120.2310000	1.000,00	736,47	26/01/17	27/04/17	26/04/17	263,53	0,00
Riobó Ibañez Marta	201700005389	9120.2260100	2.000,00	1.666,38	26/01/17	27/04/17	26/04/17	333,62	0,00
Riobó Ibañez Marta	201700005392	9120.2269900	1.000,00	304,93	26/01/17	27/04/17	26/04/17	695,07	0,00
Vieites Alén José Manuel	201700003716	9200.2260300	9.000,00	8.993,29	16/01/17	06/04/17	16/04/17	6,71	0,00
Vieites Alén José Manuel	201700029629	9200.2090000	2.400,00	2.400,00	23/03/17	06/04/17	23/06/17	0,00	0,00
Vivero Mijares Antonio	201700006292	1350.2269901	3.000,00	2.196,57	26/01/17	05/05/17	26/04/17	803,43	--
TOTAL			478.334,22	464.372,50				14.078,68	116,96

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción dos libramentos n.º 201700004434 de García Álvarez Luis, 201700005380, 201700005383, 201700005389 e 201700005392 de Riobó Ibañez Marta e 201700006292 de Vivero Mijares Antonio.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	Se rendiron no prazo establecido a excepción dos libramentos 201700004434 de García Álvarez Luis, 201700005380, 201700005383, 201700005389 e 201700005392 de Riobó Ibañez Marta e 201700006292 de Vivero Mijares Antonio.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

En base a Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Barbará Rodríguez Beatriz	201700004701	92062302000	206,74	206,74	18/01/17	03/02/17	18/04/17	0,00	0,00
Barbará Rodríguez Beatriz	201700004702	9206.2312000	350,00	466,96	18/01/17	03/02/17	18/04/17	0,00	116,96
Espada Recarey Luis	201700003911	9250.2200000	700,00	133,60	17/01/17	31/03/17	17/04/17	566,40	0,00
Espada Recarey Luis	201700003912	9250.2200100	500,00	468,80	17/01/17	31/03/17	17/04/17	31,20	0,00
Espada Recarey Luis	201700003913	9250.2279900	17.999,00	10.218,45	17/01/17	31/03/17	17/04/17	7.780,55	0,00
Espada Recarey Luis	201700006650	9250.2269901	327,00	327,00	26/01/17	02/02/17	26/04/17	0,00	0,00
Fernández Fernández Paz	201700034656	2310.4800002	7.058,65	7.058,65	10/04/17	20/04/17	10/07/17	0,00	0,00
García Álvarez Luis	201700004434	9200.2219902	500,00	103,03	18/01/17	03/05/17	18/04/17	396,97	0,00
García Álvarez Luis	201700007974	92002312000	50,00	50,00	30/01/17	08/03/17	30/04/17	0,00	0,00
García Álvarez Luis	201700013027	9201.2312000	381,13	315,73	16/02/17	06/04/17	16/05/17	65,40	0,00
García Álvarez Luis	201700013029	9201.2302000	18,70	18,70	16/02/17	06/04/17	16/05/17	0,00	0,00
García Álvarez Luis	201700013030	9201.2302000	14,10	14,10	16/02/17	05/04/17	16/05/17	0,00	0,00
García Álvarez Luis	201700013032	9201.2312000	385,90	275,87	16/02/17	05/04/17	16/05/17	110,03	0,00
Gutiérrez Orúe Francisco Javier	201700023806	9251.2240000	3.969,00	3.969,00	06/03/17	16/03/17	06/06/17	0,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	201700003713	1320.2269900	3.000,00	797,33	16/01/17	12/04/17	16/04/17	2.202,67	0,00
Martínez Muñoz Francisco	201700003714	1320.2312000	600,00	14,40	16/01/17	12/04/17	16/04/17	585,60	0,00
Quintela Rodríguez M.ª José	201700008571	2310.4810000	422.874,00	422.874,00	03/02/17	13/02/17	03/05/17	0,00	0,00
Riobó Ibañez Marta	201700005380	9120.2200100	1.000,00	762,50	26/01/17	27/04/17	26/04/17	237,50	0,00
Riobó Ibañez Marta	201700005383	9120.2310000	1.000,00	736,47	26/01/17	27/04/17	26/04/17	263,53	0,00
Riobó Ibañez Marta	201700005389	9120.2260100	2.000,00	1.666,38	26/01/17	27/04/17	26/04/17	333,62	0,00
Riobó Ibañez Marta	201700005392	9120.2269900	1.000,00	304,93	26/01/17	27/04/17	26/04/17	695,07	0,00
Vieites Alén José Manuel	201700003716	9200.2260300	9.000,00	8.993,29	16/01/17	06/04/17	16/04/17	6,71	0,00
Vieites Alén José Manuel	201700029629	9200.2090000	2.400,00	2.400,00	23/03/17	06/04/17	23/06/17	0,00	0,00
Vivero Mijares Antonio	201700006292	1350.2269901	3.000,00	2.196,57	26/01/17	05/05/17	26/04/17	803,43	--
TOTAL			478.334,22	464.372,50				14.078,68	116,96

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(511).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FONTE DO GALO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER NECESARIOS

PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O ANO 2017. EXPTE. 7556/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 12/05/17, e o informe de fiscalización do 22/05/17, dáse conta do informe-proposta do 11/05/17, asinado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro de legado de dito Servizo e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 22/02/2017, Dona Sara Mercedes García Quinteiro (DNI: 35977883H), en calidade de presidenta da "Asociación de Veciños Fonte do Galo" (CIF: V-36655017), achegou escrito (doc.170026308), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades socioculturais programados pola entidade para o 2017, entre os meses de xaneiro a outubro, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.

Segundo certificación do secretario da entidade, de data 20/02/2017, e conforme o art. 12 dos seus Estatutos, será a presidenta, Dona Sara Mercedes García Quinteiro, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como,

convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

1. Ano 2016: Expte. Núm. 7351/320

RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspondéndolle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como á resolución dos procedementos incoados”. Por último, en virtude do disposto no apartado 4.17º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases específicas reguladoras da concesión de calquera tipo de subvención ou axuda municipal destinada ao fomento das actividades de utilidade pública ou interese social, así como a proposta de resolución dos expedientes incoados.

MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das

Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2017) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2016, inclúe expresamente a partida 9240 4800008 “Convenio Asociación de Veciños Fonte do Galo”, cunha dotación de 4.560,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Asociación de Veciños Fonte do Galo”, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 99/89, segundo resolución de data 28/06/1989.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa “Asociación de Veciños Fonte do Galo” para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola entidade para o ano 2017, entre os meses de xaneiro a outubro, en definitiva para o fomento das súas actividades.

Segundo recolle o art. 5 dos Estatutos da “Asociación de Veciños Fonte do Galo”, entre os fins da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- Estudio e posible solución dos problemas que poidan afectar ao seu territorio en materia de cultura, deportes, educación, urbanismo, sanidade, etc., e outros relacionados coa vida comunitaria da zona.
- Promover cantas iniciativas conduzan a solución de problemas colectivos que afecten a realización integral dos veciños como cidadáns.
- Asumir a defensa dos veciños en canto resulten afectados por calquera disposición ou actuación pública ou privada que poida considerarse prexudicial para os intereses da zona, exercitando o efecto cantas accións e xestións se consideren necesarias ante os Órganos da Administración e de Xustiza, podendo outorgar poderes necesarios para actuar na forma que se determine coas facultades que sexan usuais neste tipo de documentos.
- Recadar asesoramento e estudos técnicos, xurídicos, socioeconómicos, etc.
- Promover accións destinadas ao desenvolvemento integral dos mozos da zona de influencia da Asociación Veciñal, en especial atención a prevención da marxinación, violencia infantil e xuvenil.
- Promover dentro da Vogalía da Muller actividades de apoio a muller, dentro do marco veciñal, adicando especial atención aqueles sectores máis desprotexidos.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O vixente exercicio presupostario (2017) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2016, inclúe expresamente a partida 9240 4800008 “*Convenio Asociación de Veciños Fonte do Galo*”, cunha dotación orzamentaria de 4.560,00 €.

DOCUMENTACIÓN

A “Asociación de Veciños Fonte do Galo”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 20/02/17
 - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 20/02/17
 - Seguridade Social, de data 20/02/17
 - Concello de Vigo, de data 07/04/17
2. Declaración responsable da presidenta da entidade, de data 05/05/17, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio e nomeamento da persoa responsable da sinatura do convenio (anexo I).
2. Declaración responsable de cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non estar incurso en incompatibilidades ou prohibicións (anexo II).
3. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo III).
4. Certificación bancaria do número de conta da entidade ou asociación.
5. Contrato de aluguer do local social (*só no suposto de locais alugados*).
6. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas
 - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización, participantes asistentes
 - c) Lugar de realización
 - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
 - e) Recursos humanos e materiais
 - f) Sistemas de avaliación, etc.

7. Proxecto de actividades da entidade para o ano 2017, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social, realizados entre os meses de xaneiro a outubro (ámbolos dous incluídos). O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/01/2017 - 31/10/2017)	
Aluguer local	3.800,00 €
Enerxía eléctrica	450,00 €
IBI 2017	220,00 €
Limpeza	360,00 €
Auga	500,00 €
Lixo	170,00 €
TOTAL	5.500,00 €

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

ANTICIPO

Atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houberen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de outubro de 2017, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/01/17 e o 31/10/17, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o 3 de novembro de 2017.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa presentarase en calquera dos lugares previstos no art. 16 da Lei 39/15, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38^a.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES42 2108 3258 950033249046 (BANCO DE CAJA ESPAÑA DE INVERSIONES, SALAMANCA Y SORIA, S.A.), segundo código de conta cliente de data 20/02/2017 emitido pola entidade bancaria.

NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18º da Resolución de delegacións do alcalde de data 19/06/2015, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 4.560,00 € (catro mil cincocentos sesenta), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4800008 denominada "*Convenio Asociación de Veciños Fonte do Galo*", incluída no vixente orzamento municipal de 2017.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*Asociación de Veciños Fonte do Galo*" (CIF.- V-36655017), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2017 e a realizar entre os meses de xaneiro e outubro, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 4.560,00 € (catro mil cincocentos sesenta).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FONTE DO GALO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL. NECESARIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O ANO 2017

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezasete

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, Dona Sara Mercedes García Quinteiro, con DNI 35977883H, en calidade de Presidenta da "Asociación de Veciños Fonte do Galo" (CIF : V36655017), con domicilio social na Rúa Rosalía de Castro nº 41, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 7556/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que a entidade "Asociación de Veciños Fonte do Galo", de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:

- *Estudio e posible solución dos problemas que poidan afectar ao seu territorio en materia de cultura, deportes, educación, urbanismo, sanidade, etc, e outros relacionados coa vida comunitaria da zona.*
- *Promover cantas iniciativas conduzan a solución de problemas colectivos que afecten a realización integral dos veciños como cidadáns.*
- *Asumir a defensa dos veciños en canto resulten afectados por calquera disposición ou actuación pública ou privada que poida considerarse prexudicial para os intereses da zona, exercitando o efecto cantas accións e xestións se consideren necesarias ante os Órganos da Administración e de Xustiza, podendo outorgar poderes necesarios para actuar na forma que se determine coas facultades que sexan usuais neste tipo de documentos.*
- *Recadar asesoramento e estudos técnicos, xurídicos, socioeconómicos, etc.*
- *Promover accións destinadas ao desenvolvemento integral dos mozos da zona de influencia da Asociación Veciñal, en especial atención a prevención da marxinación, violencia infantil e xuvenil.*
- *Promover dentro da Vogalía da Muller actividades de apoio a muller, dentro do marco veciñal, adicando especial atención aqueles sectores máis desprotexidos.*

III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a “Asociación de Veciños Fonte do Galo” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 99/89.

IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a “Asociación de Veciños Fonte do Galo” leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas para o ano 2017, en particular, as realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2017, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento derivados da organización, fomento e execución das mesmas e aluguer do seu local social.

V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4800008, denominada “Convenio Asociación de Veciños Fonte do Galo”, nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 4.560,00 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento e aluguer do local social da asociación, necesarios para organizar e levar a cabo as actividades programadas pola entidade para o ano 2017 (xaneiro-outubro) , cuxa contía total, segundo orzamento de gastos, e o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/01/2017 - 31/10/2017)	
<i>Aluguer local</i>	<i>3.800,00 €</i>
<i>Enerxía eléctrica</i>	<i>450,00 €</i>
<i>IBI</i>	<i>220,00 €</i>
<i>Limpeza</i>	<i>360,00 €</i>
<i>Auga</i>	<i>500,00 €</i>

Lixo	170,00 €
TOTAL	5.500,00 €

VII.- Que a entidade “Asociación de Veciños Fonte do Galo” non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Asociación de Veciños Fonte do Galo”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A entidade “Asociación de Veciños Fonte do Galo” comprométese a colaborar coa concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “Asociación de Veciños Fonte do Galo” unha subvención por importe de 4.560,00 € (catro mil cincocentos sesenta euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800008, denominada “Convenio Asociación de Veciños Fonte do Galo”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar co financiamento gastos de mantemento e aluguer do local social da asociación, necesarios para a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola entidade para o 2017 (xaneiro-outubro), en definitiva, para o seu fomento.

2. Respetar a estrutura organizativa da “Asociación de Veciños Fonte do Galo” e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación de Veciños Fonte do Galo.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación do 2017.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "Asociación de Veciños Fonte do Galo" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **3 de novembro de 2017**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome.

5. Actuacións realizadas.

6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.

8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo proveedor

- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á

Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago

- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarse fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- *A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES42 2108 3258 950033249046 (BANCO DE CAJA ESPAÑA DE INVERSIONES, SALAMANCA Y SORIA, S.A.)*

Décimo primeiro.- *Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

Décimo segundo.- *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2017, no período comprendido entre o 01/01/17 e o 31/10/17.*

Décimo terceiro.- *A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

Décimo cuarto.- *A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo quinto.- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- *En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

Décimo sétimo.- *A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

Décimo noveno.- *A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.*

Vixésimo.- *O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2017, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.*

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2017.

10(512).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO E O SUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 250/242.

Visto o informe de fiscalización do 25/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 23/05/17, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- O concello de Vigo, por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 13 DE XUÑO DO 2014, adxudicou á mercantil MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS CIA.SEGUROS Y REASEGUROS SA o procedemento aberto para a contratación da poliza de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus Organismos Autonomos, conxuntamente co prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas aprobado pola Xunta de Goberno local o 27 de marzo do 2014 e a oferta presentada.

Dito contrato formalizouse en documento administrativo en data 2 de xullo do 2014, sinalando que o prazo do contrato será de dous anos, dende as 00.00 horas do día 2 de xullo de 2014 ata as 24.00 horas do día 1 de xullo de 2016.

A Xunta de Goberno Local autorizou, en data 15 de abril do 2016, a primeira das prórrogas do contrato por unha anualidade.

SEGUNDO.- Centrado o obxecto do presente informe na viabilidade da prórroga do prazo polo que foi outorgado o contrato cabe sinalar, que o prego de cláusulas administrativas polo que se rixe, establece na súa Clausula 7. Prazo de execución, que "O presente contrato poderá ser obxecto de dúas prorrogas por un periodo dun ano de duración cada unha, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. Calquera das partes poderá opoñerse comunicandoo a outra por escrito cunha antelación mínima de 6 meses o vencemento do periodo en curso." (apartado 2ª)

TERCEIRO.- O prego de condicións, como documento administrativo que fixa os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumen as partes no contrato, é "lex contractus" entre éstas, a que quedan vencelladas para o seu cumprimento nos propios termos.

A teor do establecido no devandito prego e no contrato asinado, este na actualidade atópase aínda vixente e próximo ao seu vencemento polo transcurso do prazo concertado, se ben, tal e como quedou dito anteriormente, prevese a posibilidade da súa prórroga por dúas anualidades máis, debendo mediar acordo expreso desta administración.

A ditos efectos solicitouse informe da oficina de responsabilidade patrimonial sobre a conformidade na prestación da cobertura pola aseguradora en relación aos expedientes de responsabilidade patrimonial tramitados durante o prazo contractual, sinalándose por esta o pasado día 10 de maio que *non ten observado incidencia salientable algunha respecto ao cumprimento das obrigas asumidas na póliza en canto ao que afecta ao pagamento das cantidades derivadas dos expedientes de responsabilidade patrimonial desta Administración, nin en canto á valoración de danos materiais en vehículos de terceiros.*

Conseguentemente, resulta viable xurídicamente a segunda e derradeira prórroga do contrato, ao non terse formulada oposición algunha a dita prórroga pola aseguradora no prazo contractual referido e, por outra banda, estimarse que a prestación do contrato vense reali-

zando satisfactoriamente por parte da aseguradora, requirindo a súa concesión, acordo expreso do órgano de contratación.

CUARTO.- Resulta competente para a adopción do acordo de prorroga do contrato, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto na DA 2ª do TR da Lei de Contratos do Sector Público (RDL 3/2011 do 14 de novembro), en materia de contratación das Entidades Locais.

Por todo o que antecede propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe favorable da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar a derradeira prórroga, por unha anualidade, do contrato de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus Organismos Autonomos, concertado coa sociedade MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS CIA.SEGUROS Y REASEGUROS SA , de conformidade e nos termos previstos na clausula 7 do Prego de Cláusulas Administrativas aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local ó 27.03.2014.

SEGUNDO.- Autorizar e comprometer o GASTO por importe de 220.000,00 euros do orzamento corrente da aplicación presupostaria 9200.2240000.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(513).- RENUNCIA DE D. EDELMIRO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ Á CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA INSTALACIÓN DUN QUIOSCO NA PRAZA DE ESPAÑA. EXPTE. 19863/240.

Dáse conta do informe-proposta de data 25/05/17, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).*
- *L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).*
- *RDL 3/2011 de 14 Novembro, do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP).*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

INFORME-PROPOSTA:

PRIMEIRO.- D. Edelmiro Rodriguez Rodriguez, mediante escrito de entrada no Rexistro Xeral de data 22 de xuño de 2016, solicita dar de baixa por motivo de xubilación, o quiosco sito na Praza de España desta cidade de Vigo, cúa autorización foille otorgada no seu día.

SEGUNDO.- O solicitante, Edelmiro Rodríguez Rodríguez, resultou adxudicatario por acordo plenario de 7 de marzo de 1983 da concesión de uso do dominio público municipal para a instalación de quioscos destinados a venda de prensa periódica con exclusión de outra ac-

tividade negocial, consonte ao concurso público convocado ao efecto por esta administración e en base ao prego de condicións administrativas aprobadas en acordo plenario de 29 de abril de 1982 e que serviu de base á licitación e polo que se rixe a concesión administrativa.

Dacordo coa clausula VIII do prego de condicións administrativas, tendo en conta o carácter persoal da concesión, esta considerase extinguida polo cese na actividade, debido a calquera causa, por parte do concesionario inicial.

TERCEIRO.- No presente suposto, a extinción do dereito concesional outorgado para a ocupación do dominio público municipal coa instalación dun quiosco na vía pública destinado a venda de prensa periódica, debese á xubilación do titular da concesión administrativa, sen que se aprecie polo tanto obxeción algunha a súa aceptación pola administración municipal.

A extinción da concesión dará lugar á retirada, por parte do concesionario, do quiosco da vía pública e reposición do dominio público afecto ao seu estado orixinal. Neste senso, segundo parte de inspección da Concellería de Fomento de data 24.02.2017, dito quiosco xa foi retirado quedando o espazo que ocupaba en perfectas condicións.

CUARTO.- Resulta competente para a resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local, consonte ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia de D. Edelmiro Rodriguez Rodriguez, á concesión administrativa outorgada polo acordo plenario de 7 de marzo de 1983 para a ocupación do dominio público municipal coa instalación dun quiosco destinado a venda de prensa periódica na Praza de España, da cidade de Vigo, declarando resolta dita autorización.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Administración de Tributos, Vías e Obras e Seguridade e Tráfico, para o seu coñecemento.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(514).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA DOAZÓN DE COLUMPIO ACCESIBLE PARA O PARQUE INFANTIL DE NAVIA POR PARTE DE APAMP (ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL). EXPTE. 19969/240.

Visto o informe de fiscalización do 30/05/17, dáse conta do informe-proposta do 29/05/17, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).

- Código Civil.
- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSF).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Pola Asociación de familias de persoas con parálise cerebral (APAMP) ofertouse mediante escrito con entrada no rexistro xeral deste Concello de data 2.12.2016, a doación a esta administración dun columpio accesible para o parque infantil de Navia sito na rua Teixugueiras, acordada pola súa Xunta directiva o 18/10/2016.

Segundo.- O xefe do servizo de Parque e Xardíns, co conforme do Concelleiro delegado, emitiu informe o 8/05/2017 sobre a doación proposta, sinalando ao respecto que: *Con data 2 de novembro de 2016 a Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP), presentou solicitude para a cesión gratuíta e indefinida dun elemento de xogo de integración para a súa instalación no parque infantil da rúa Teixugueiras en Navia.*

A superficie que ocupará o elemento de xogo incluíndo a área de seguridade é de 36,6 m², e o importe do xogo, segundo o presuposto achegado por APAMP, é de 6.598,53 €.

Tanto a instalación do xogo como a adecuación do espazo que vai a ocupar non terá ningún coste para o Concello e o mantemento do mesmo suporá 223,42 € anuais, segundo rexe no Prego de Prescricións Técnicas e no Prego de Clausulas Administrativas do contrato de mantemento de parques infantís, polo que se procederá a ampliación de dito contrato de "Conservación e Reposición de parques Infantís, Áreas Biosaudables, Áreas Deportivas e Ximnásticas e Mobiliario Urbano do Concello de Vigo" nese importe.

Examinada a documentación aportada por APAMP, este servizo considera adecuada a incorporación dun elemento de xogo de integración na área existente porque aumenta o valor lúdico da mesma e a incorporación de persoas con diferentes capacidades, considerando tamén que as condicións propostas da cesión son axeitadas.

Achegan proposta de convenio e o presuposto do xogo que se cede.

Terceiro.- Pola Intervención Xeral informouse o 24/05/2017 que:

Vista a solicitude informada, resulta que da aceptación expresa da doazón dun ben MOBLE, non resulta a existencia de tributos locais (consta informe neste senso da adxunta á dirección de ingresos de data 22/05/2017) nin autonómicos ou estatais (o suxeito pasivo do Imposto de Sucesións e Doazóns é unha persoa física e non xurídica, e as adquisicións gratúitas non están suxeitas ao Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados).

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- As entidades locais, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, teñen plena capacidade xurídica e de obrar para adquirir, poseer, reivindicar, permutar, gravar ou enaxenar toda clase de bens e dereitos (artigo 5 LBRL).

SEGUNDO.- A doazón recollese como uns dos modos de adquisición dos bens e dereitos polas Administracións públicas, previsto no artigo 15 LPAP, 271 LALG e 10 RBEL, que cons-

titue un acto de liberalidade, gratuito e unilateral, polo cal unha persoa dispoñe dunha cousa a favor de outra, que a acepta (artigo 618 Código Civil).

En canto ó ser ésta un modo de adquisición de bens a título gratuito non está suxeita a restricción algunha, dispoñéndose únicamente a limitación no suposto da suxección ou vencellamento a condición ou modalidade onerosa (art. 273 da LALG e 12.1 do RBEL).

No presente caso, a teor dos termos nos que formulase o ofrecemento pola Asociación, non nos atopamos ante un suposto de doazón modal, polo que conseguintemente non existe restricción algunha a súa aceptación, podéndose acordar polo órgano competente se así o estima de interes público.

TERCEIRO.- O artigo 4.1.p do Texto Refundido da Lei de Contratos do sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, considera a doazón un contrato excluído do ámbito de aplicación da Lei de Contratos, dispoñendo no seu apartado 2 que ditos contratos regularanse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

CUARTO.- Así mesmo, a doazón de cousa moble poderá facerse verbalmente ou por escrito, requiríndose neste último caso para que surta efecto, que conste na mesma forma a aceptación (artigo 632 Código Civil), xa que a doazón so obriga ó doante e produce efectos dende a aceptación (artigo 629 Código Civil).

QUINTO.- Conseguintemente co exposto, non existe inconveniente na aceptación a título gratuito, libre de cargas e gravamens e ao corrente no pagamento de impostos e demais tributos, do columpio ofertado, resultando competente para a adopción do presente acordo, a Xunta de Goberno Local, consonte o previsto na Disposición Adicional Segunda do TRLCSP.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aceptar a doazón, pola Asociación de familias de persoas con parálise cerebral (APAMP), dun columpio accesible (modelo Grenoble-cod.1030) para o parque infantil de Navia, sito na rúa Teixugueiras, neste termo municipal de Vigo.

2º.- A aceptación da doazón queda condicionada á ampliación do contrato de “Conservación e Reposición de parques Infantís, Áreas Biosaudables, Áreas Deportivas e Ximnásticas e Mobiliario Urbano do Concello de Vigo” polo importe necesario para facer fronte os gastos de mantemento do ben doado.

3º.- Proceder, tralos tramites legais pertinentes, á formalización da doazón en documento administrativo.

4º.- Dar de alta, unha vez perfeccionada a doazón, dito ben no Inventario Municipal de bens e dereitos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(515).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO CENTRO CULTURAL DEL CAMOES (INSTITUTO DA COOPERACIÓN E DA LINGUA IP EN VIGO), PARA ESTABLECEMENTO DUNHA CAFETERÍA NA “CASA ARINES”. EXPTE. 19970/240.

Dáse conta do informe-proposta do 29/05/17, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).

L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).

RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

INFORME-PROPOSTA:

PRIMEIRO.- O Centro Cultural del Camoes, Instituto da Cooperación e da Lingua IP en Vigo, mediante escrito que tivo entrada no Rexistro Xeral o 6 de marzo do 2016 solicitou autorización para poder levar a cabo o establecemento dunha cafeteria no Centro cultural Camoes na “Casa Arines” e cesión a terceiros para súa utilización, sobre a base de non pagar aluguer debendo encargarse dos traballos de restauración e mantemento desa parte do inmobile.

SEGUNDO.- En data 3 de outubro de 1994 asinouse, entre o Concello de Vigo e o Presidente do Instituto Camoes, o convenio de cesión gratuíta do uso do edificio “Casa Arines”, sito na esquina da rúa Real coa Praza Almeida para sede do Instituto Camoes na cidade de Vigo.

Convenio que foi aprobado polo Pleno Municipal na súa sesión ordinaria do 3 de novembro de 1994.

TERCEIRO.- Como sinalase na súa parte expositiva, o convenio responde á necesidade de afondar nas relacións entre os pobos galego e portugues no que o papel do Concello de Vigo non é só o de anfitrión que da a benvinda, senon o do colaborador estreito que pon ó servizo da devandita e prestixiosa institución unha vella e fermosa casa que forma parte do noso patrimonio monumental e artistico mais salientable.

Por medio do mesmo, cedeuse gratuitamente, sen contraprestación ningunha, o uso de dito edificio municipal para sede do Instituto Camoes e coa finalidade de destinalo a actividades culturais comprendidas nos fins deste, ao considerar que complementan e contribuen ó cumprimento e consecución de fins de interes local do municipio (apartado primeiro, letra b, do Convenio).

Do seu contido, resulta que as actividades e funcionamento do edificio se desenvolverá e exercerá con carácter ininterrompido durante o prazo de cesión; que incumbe exclusivamente ó Instituto os gastos de conservación e funcionamento e os da totalidade do persoal que formen parte ou o integran, así como as obras de reparación, conservación, entretenemento e custodia; e sancionase como causas constitutivas e determinantes de resolución da cesión, o non uso do edificio, total ou parcialmente ó destino previsto no presente convenio, no tempo, prazo e condicións no mesmo contidas (apartado quinto).

CUARTO.- O Instituto Camoes plantexa unha cesión a terceiros de parte da Casa Arines para sua adicación a cafetería, sen pagamento de aluguer, e debendo en contraprestación o terceiro encargarse dos traballos de restauración e manutención da mesma. A cesión xustifícase na falta de recursos humanos ou financeiros do que adolece o Centro Cultural do Camoes I.P para a apertura da cafetería, cuxo espazo aberto ó público garantizará unha maior visibilidade da Casa Arines e das actividades do Centro Cultural (segundo manifesta a solicitante) interesando ao efecto a concesión da correspondente autorización.

A teor do exposto, e nos termos nos que se conviño a cesión gratuita da Casa Arines ó Instituto Camoes, non resulta viable o otorgamento de dita autorización, xa que a cesión do inmovible acordada no seu día co Instituto Camoes fíxose en función dunhas circunstancias particulares reflectidas na súa parte expositiva e para uns fins concretos (como sede do Instituto e o desenvolvemento das súas actividades culturais), non podendo adicarse a outros usos, total ou parcialmente nin, polo tanto, ser obxecto de cesión ou aluguer a terceiros para outros fins.

*Conseguentemente, no presente suposto e dacordo co convenio asinado, procede denegar a autorización interesada, e ó efecto propoñese a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **acordo**:*

UNICO.- Denegar a autorización solicitada polo Centro Cultural del Camoes (Instituto da Cooperación e da Lingua IP en Vigo), para a cesión a terceiros dunha parte da "Casa Arines" con destino a actividade de cafetería, ao non axustarse aos termos do Convenio asinado o 3 de outubro de 1994 entre o Concello de Vigo e o Presidente do Instituto Camoes.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(516).- PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL SOBRE RECLAMACIÓNS ÁS PRAZAS DE POLICÍA LOCAL, POLA QUENDA LIBRE, OEP 2010-2011. EXPTE. 29685/210.

Dáse conta do informe-proposta de data 22/05/17, asinado polo secretario do Tribunal cualificador encargado de prover vinte e tres prazas de Policía local correspondente á oferta de emprego público dos anos 2010-2011, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- A modo de solicitudes-tipo que teñen entrada no Rexistro Xeral desdeo 06 de marzo de 2017 e tras a celebración do primeiro exercicio da oposición, D. Cristian Alonso Figueroa (doc 170035408 D), D^a. Berta M^a Bello Platas (doc. 170035367), D. Diego Bernárdez Martínez (doc. 170036991), D. Daniel Bustabad Santiago (doc. 170038903), D. Adrian Caiña Sobrado (doc 170037992) D. Enrique Calderón Gándara (doc. 170038919, 170040345), D. Pedro Campos Martínez (doc. 170035410), D^a. Claudia Casado Seijas (doc. 170038852), D. Diego Manuel Castro Dopico (doc. 170038871), D. Martín Castro Rey (doc. 170038885), D. Cristian Castro Pena (doc 170035973); D. Pablo Díez Nieto (doc. 170037013), D. Leonardo Fernández Fontenla (doc. 170035385), D. Álvaro Freire Rumbo (doc. 170036984), D. Efrén García Castro (doc. 170038863), D. Diego García Fariña (doc. 170036995), D. José Manuel González Álvarez (doc. 170038012), D^a. Paula María González

Fraga (doc. 170038031), D. Cristian Guldrís Álvarez (doc. 170035419), D. Federico Hernández Marín (doc. 170038909), D. Ariel Latorre Esmorís (doc. 170037173), D. Abel López Vigo (doc. 170035972), D. Marcos Magariños Gontad (doc. 170039613), D. Diego Martínez Dubra (doc. 170040341), D. Alejandro Martínez Gestal (doc. 170038922), D. Abel Javier Martínez Troitiño (doc. 170035430), D^a. Nuria Mendes Castro (doc. 170035416), D^a. Melanie Méndez López (doc. 170038926), D. Brais Muíña Álvarez (doc. 170038857), D. Andrés Nouche López (doc. 170037012, 170037037), D. Ismael Otero Conde (doc. 170038028), Alejandro Palacio Couso (doc. 170038020), D. Javier Parada Rivas (doc. 170039612), D^a. Alba Penas Añón (doc. 170036970), D. Felipe Pérez Álvarez (doc. 170038000), D. Claudio Pérez Arias (doc. 170038859), D^a. Begoña Pérez Pais (doc. 170039607), D. Antonio Portela González (doc. 170035392), D. Martín Riobó Pérez (doc. 170036975), Ignacio Ramón Rodríguez Lozano (doc. 170037206), D. Diego Rodríguez Otero (doc. 170037166), D. Iván Salvador Rodríguez Sanmartín (doc. 170035378), D. Damián Roel Vallo (doc. 170037218), D. David Sánchez Balado (doc. 170037273), D. Andrés Sanmartín Otero (doc. 170035368), D. Jorge Sanz García (doc. 170035374), D. Alberto Valencia Barcia (doc. 170037014), D. Iñaki Varela Álvarez (doc. 170036961), D. Micael Vázquez Arias (doc. 170037030), D. José Luis Vieites Rodríguez (doc. 170035402), e D^a. Mónica Yanes Basanta (doc. 170039598); presentan escritos de recusación (entre outras peticións das que se dará conta máis adiante por razóns de método) contra dous membros do Tribunal de oposición nomeado para a selección de 23 prazas de Policía Local correspondentes á O.E.P. 10-11, D^a. Marta Pereiro Domínguez (inicialmente, vogal suplente da vogal titular 2^o) e D. Jesús González Costas, (vogal titular 3^o) por estar incursos en posible causa de abstención/recusación prevista nos arts. 23 e 24 da Lei 40/15 de 01 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Con cita dos preceptos legais que consideran de aplicación, os recusantes alegan que os mencionados vocais teñen relación de “amizade íntima e relación de servizo” con varios aspirantes no proceso selectivo quen ademais teñen prestado servizo como auxiliares no Concello de Mos durante o verano de 2016 (a súa identidade dedúcese porque os escritos acompañanse de copia simple de acta de nomeamento no citado Concello de Mos de D. Damián Areal Lago e D. Víctor Diz González, que efectivamente constan nas listas de admitidos e presentados na primeira proba na oposición de Vigo. Na copia do proceso selectivo de Mos figura como vogal D^a. Marta Pereiro Domínguez).

Os recusantes aportan asimesmo copia dunha foto que titulan “relación de amizade co tribunal”, e no que aparecen de xeito recoñecible para o funcionario que suscribe os xa citados vocais recusados xunto aos tamén citados aspirantes (aos que o funcionario que suscribe non pode recoñecer).

Baixo a foto aparece unha captura de pantalla de identificativo dunha rede social de D. Damián Areal Lago no que consta a referencia de “amigo en común: Marta Pereiro Dominguez”.

A información fotográfica remata neste punto coa captura de pantalla dun identificativo dunha rede social de D. Jesús González Costas datado o 18 de decembro de 2016 e no que consta a mensaxe “Cena compis –” seguido de emoticono de celebración e a mensaxe “celebrando este día especial con Damián Areal, Victor DG y Marta Pereiro Dominguez”. Parece referirse á foto na que aparecen este, a outra vogal e os aspirantes todos xa citados.

Segundo.- Os recusantes tamén denuncian “indicios fundados de que se han producido filtraciones al haberse, por ejemplo, conocido la fecha del examen a través de Facebook”. A tal efecto aportan o que semella captura de pantalla dunha mensaxe da citada rede social

publicada pola Academia Fonseca, de data 03 de febreiro e que dí o seguinte: “Por si alguno no se ha enterado: Por fin hay fecha para el examen de la Policía Local de Vigo, el examen se realizará el 03 de marzo a las 12. Ánimo, ya no queda nada ;)”.

Terceiro.- Se dí que “se tienen sospechas fundadas de que se han podido filtrar a algunos aspirantes un considerable número de preguntas del examen” realizado el 03 de marzo.

Denúnciase tamén unha filtración ao diario “Atlántico” basada na publicación dunha noticia o pasado 02 de marzo cun calendario de datas do segundo e demais exercicios da convocatoria (galego, probas físicas, psicotécnico, resolución final) con lugares e datas detallados para a súa realización.

Cuarto.- Os recusantes alegan asimesmo unha indebida publicación das listas de admitidos/excluidos determinante ao seu xuízo da imposibilidade de recusar oportunamente.

Quinto.- Outro motivo de queixa radica no supostamente irregular cambio na titularidade da segunda vogal verificado o 02 de marzo, ao que lle imputan a imposibilidade de recusar á vogal D^a Marta Pereiro Dominguez.

Sexto.- Nalgún caso (doc. 170035402) solicítase ao Concello “que analice el gran número de opositores que se encuentran en las primeras plazas que presuntamente tienen vínculos de consanguinidad o afinidad con los empleados del propio Concello, especialmente del Cuerpo de la Policía Local”.

Sétimo.- Os recusantes impugnan expresamente a realización do primeiro exercicio da convocatoria, vinculada esta á falta de imparcialidade dos recusados.

Oitavo.- Por dilixencia desta Secretaria do Tribunal de 13 de marzo de 2017 se acorda dar traslado das recusacions ao vocais afectados a efectos do disposto nos arts. 23 e 24 da Lei 40/15 de 01 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Noveno.- O día 14 de marzo de 2017 ten entrada a través do Rexistro Xeral o informe de D^a. Marta Pereiro Domínguez previsto no art. 24.3 da LRXSP.

Décimo.- O día 14 de marzo de 2017 ten entrada a través do Rexistro Xeral o informe do vogal D. Jesús González Costas previsto no art. 24.3 da LRXSP.

Undécimo.- O 05 de abril de 2017 publicase na web o no tablón de anuncios do Concello a apertura dun trámite de audiencia dos interesados a efectos da resolución das recusacions e impugnacions presentadas, que será obxecto de consideración na fundamentación xurídica que se sigue a continuación.

Duodécimo.- Na elaboración da presente proposta ten sido oído o Tribunal en sesións do 15 de marzo e 04 de maio.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Sobre as supostas irregularidades na composición do Tribunal (vogal segunda) e na publicación das listas de admitidos/excluidos.

A resolución desta impugnación correspondía como é notorio á Xunta de Goberno Local a proposta da Área de Recursos Humanos, con carácter previo á propia resolución da recusación e impugnación do primeiro exercicio da convocatoria.

Desestimadas ditas pretensións segundo acordos adoptados en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 06 de abril de 2017 (expedientes 29648, 29649, 29650, 29651, 29695 todos do 212), procede o estudo e resolución sobre as demais cuestións plantexadas polos interesados.

Segundo.- Sobre as filtracions á Academia FONSECA.

O 03 de febreiro de 2017 o Tribunal da oposición non estaba nomeado. Quere decirse polo tanto que o reproche que se entende xustifico en términos de mera indiscreción, non pode recaer no Tribunal.

A instancia desta Secretaria do Tribunal, a través dun funcionario usuario da rede social FACEBOOK pudo comprobarse que a mensaxe emitiuse e permanece en aberto, o que unido ao feito do escaso tempo transcurrido desde a súa publicación ata a oficialización da data do exame, priva ao reproche de substancia desfavorable para os interesados.

Terceiro.- Filtraciones ao diario ATLÁNTICO

Con toda evidencia, a noticia publicada polo citado medio de comunicación o día anterior ao primeiro exercicio é completamente irrelevante en términos do desenvolvemento do proceso selectivo conforme aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Dita noticia, que tampouco ten orixe no Tribunal de oposición, é unha mera previsión da Área de RRHH do Concello de Vigo á que lle corresponde prestar asistencia técnico-administrativa ao Tribunal indispensable para a celebración das probas, e que poderá coincidir ou non coa realidade en función da propia dinámica do proceso selectivo.

Cuarto.- Parentesco de opositores con empregados municipais.

Nalgún caso (doc. 170035402) solicítase ao Concello "que analice el gran número de opositores que se encuentran en las primeras plazas que presuntamente tienen vínculos de consanguinidad o afinidad con los empleados del propio Concello, especialmente del Cuerpo de la Policía Local".

Non se identifican aquí a esos opositores, nin no caso de existir a aludida relación de parentesco en que medida esta afecta á válida constitución e funcionamento do Tribunal de oposición, polo que o reproche carece igualmente de fundamento neste punto.

Quinto.- Sobre as casusas de recusación dos vogais D^a. Marta Domínguez Pereira e D. Jesús González Costas: A relación de servizo.

5.1 Na sesión constitutiva de 23 de febreiro (lista provisional admitidos/excluidos) e na da mañá do 03 de marzo (elaboración do exercicio, lista definitiva admitidos/excluidos), a instancia do Secretario todos membros do Tribunal manifestan non estar incurso en ningunha das causas de abstención/recusación legalmente establecidas.

5.2 A xuízo dos recusantes, concurren nos tantas veces aludidos vogais do Tribunal as causas de abstención e recusación consistentes, a) na relación de servizo con interesados (art. 23.2 e. LRXSP), b) na amizade íntima con interesados (art. 23.2 c. LRXSP).

5.3 Os interesados que suscriben os documentos 170058186 e 170058190 opoñen que os recusantes non teñen solicitado a recusación senon a mera repetición da primeira

proba porque a xuízo destes en dous dos vogais concurren dúas causas de abstención non respectadas.

O motivo carece de todo fundamento. Inequívocamente invócanse as causas de abstención e a anulación da proba por incumplimento do deber de abstención. Un elemental principio de legalidade e eficacia administrativa na tutela dos dereitos e intereses lexítimos exclúe calquera rigor formalista a quen non está obrigado a pedir con representación técnica.

5.4 No recurso de casación 204/2010 seguido ante a Sección Sétima da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo, recaeu a Sentenza de 12 de decembro de 2012 en cuxo fundamento xurídico 4º se dispon en relación coa invocada causa de abstención/recusación por “relación de servizo” o seguinte:

“La relación de servicio que en dicho apartado es mencionada como motivo de abstención –se refiere al art. 28.2 e) de la anterior Ley 30/1992 de 26 de noviembre- está referida a la relación entre empleador y empleado propia del vínculo de dependencia del contrato de trabajo, y no a la simple subordinación funcional que pueda haberse dado entre dos personas que, siendo ambas empleados públicos de la Administración o de cualquier ente público, realizan cometidos profesionales diferentes. Esto último es lo que ocurre entre los Letrados del Gabinete de este Tribunal Supremo y los Presidentes de sus Salas y sus Magistrados, que todos ellos prestan servicios profesionales en el mismo establecimiento público, haciéndolo con cometidos diferenciados, pero sin que exista entre ellos el superior vínculo de dependencia jerárquica que configura la relación empleador/empleado, pues unos y otros son empleados públicos al servicio del Estado, que es el empleador de todos ellos y para el que prestan sus servicios”.

Á suprema autoridade xudicial do argumento non resta máis que engadir o pleno acerto do mesmo. E, como no caso da citada Sentenza, a relación de servizo dos vogais recusados e dos opositores vinculados o era co Concello de Mos, e non entre sí.

O motivo, polo tanto, carece manifestamente de fundamento.

Sexto.-Sobre as causas de recusación dos vogais D^a. Marta Domínguez Pereira e D. Jesús González Costas: A amizade íntima.

6.1.- Os recusantes reprochan tamén aos vogáis recusados unha relación de amizade íntima “con varios opositores presentados”. Pero únicamente identifican aos tamén xa repetidamente citados aspirantes D. Damián Areal Lago e D. Víctor Diz González, dos que se dí que non recusan a aqueles “al observar el posible beneficio que podrían obtener del mismo”.

6.2.- O escrito de recusación acompañase de tres copias de fotografías extraídas da rede social FACEBOOK.

Na primeira fotografía aparecen en actitude inequívocamente festiva os vogais recusados xunto ao menos outras dez persoas. Todos amosan complicidade para someterse á realización da fotografía descrita, consumen bebidas e semellan alegres e sonrientes.

A seguinte fotografía é unha captura de pantalla de FACEBOOK, no que aparece o identificativo de D. Damián Areal e consta ao pé da mesma a mensaxe “amigo en común: María Pereiro Domínguez”.

A terceira fotografía e unha nova captura de pantalla de FACEBOOK, no que aparece o identificativo de D. Jesús González Costas coa seguinte mensaxe de data 18 de decembro de 2016:

“Cena de compis – (a continuación aparece un emoticono que simboliza unha situación de festa) celebrando este día especial con Damián Areal, Víctor DG y Marta Pereiro Dominguez”.

A citada mensaxe aparece como compartida cos emoticonos de “me gusta” e “me encanta” con Marta Pereiro Domínguez, Ro CM e 42 persoas máis.

Un gran número dos recusantes identifican a D. Damián Areal Lago e D. Víctor Diz González na primeira fotografía.

6.3.- Por dilixencia desta Secretaría de 13 de marzo de 2017 se da traslado aos recusados a efectos da emisión do informe previsto no art. 24 da LRXSP.

6.4.- O 14 de marzo, D^a Marta Pereiro Domínguez presenta a través do rexistro xeral (doc. 170039127) o informe interesado no que manifesta non ter interés persoal no asunto, nin relación de parentesco, amizade íntima ou relación de servizo con ningún dos aspirantes. Que a fotografía corresponde a unha cena de Nadal da Policía Local de Mos que se celebra todos os anos. Que nela están todos os funcionarios de Policía de dito Concello, e dous auxiliares (os aludidos Damián e Víctor) cos que a “única relación que poseo con ambos es como compañeros durante los meses trabajados en esta Jefatura de la Policía Local de Mos, no manteniendo ningún otro tipo de relación, ni profesional ni personal más que de la de compañera de trabajo puntualmente”.

Menciona tamén a absoluta irrelevancia da copia da acta de selección dos auxiliares no Concello de Mos.

Remata engadindo que son persoas que levan anos preparando oposicións á Policía Local estando muy bien formados, prueba de ello son las buenas notas que según tengo entendido, vienen obteniendo en la mayoría de los ayuntamientos a los que se presentan. E que a recusación semella unha falsedade en toda regra e que o único interese que a move e a boa marcha do proceso selectivo.

6.5.- O mesmo día 14 de marzo D. Jesús González Costas presenta a través do Rexistro Xeral (170039129) o seu informe sobre a recusación presentada dos que se destacan os seguintes particulares:

- Nega ter amizade íntima, relación de servizo, parentesco nin interés persoal.
- Manifesta coincidentemente con D^a Marta Domínguez que a foto corresponde a unha cea de Nadal da plantilla da Policía Local de Mos, e despedida dos dous auxiliares (D. Víctor Díz e D. Damián Areal) aos que se lle remataba o contrato.
- Que na citada fotografía aparece toda a plantilla excepto unha persoa que habitualmente non vai a ditas ceas.
- Que se realizou a fotografía e subiuse a FACEBOOK como se fae en calesquera outras ceas de traballo, sen importar quen saía nela porque non hai nada que esconder.
- Que a súa relación cos citados auxiliares é a propia de compañeiros de traballo, aos que considera bos compañeiros e traballadores.
- Que a súas circunstancias persoais non casan coas dos aspirantes.

- Que non hai máis que unha cordial relación de traballo, sen que por iso se poida soste que o recusado poda por en perigo o seu posto de traballo cometendo tamaña ilegalidade.
- Que o auxiliar Víctor foi o seu compañeiro de traballo todo o tempo que estivo en Mos, e non obstante suspendeu o que lle sorprendeu moitísimo pois é un mozo moi ben formado.
- Que non lle sorprendeu absolutamente nada que Damián houbera aprobado o exame con boa nota pois tamén está moi ben preparado, leva anos nunha academia preparándose e presentándose a numerosos concellos e sempre con boas notas según ten entendido.
- Que tamén coñece a outros opositores, entre eles D. David Gómez Teiejira ao que coñece desde a infancia e sen embargo non se lle permitiu facer o exame simplemente por non presentar un certificado no que no consta haber efectuado el depósito correspondente para a expedición do título.
- Que, de haber tido conciencia de incumplir as causas legais de incompatibilidade teríase absterido.

6.6.- O 18 de abril de 2017 D. Manuel Luis Cabaleiro Guerreiro e D^a. Laura González Gil presentan conxuntamente escrito (doc. 170056042) de oposición tanto á recusación como a repetición do exercicio.

6.7.- O 18 de abril de 2017 D^a. María Jesús Antunes Varela presenta escrito (doc. 170056295) de oposición tanto á recusación como a repetición do exercicio.

6.8.- O 21 de abril de 2017 D. Damian Areal Lago, D^a. Úrsula Comesaña Ambrosio, D. Pablo Alonso Quiñones, D. Alejandro Pérez Álvarez, D^a. Alejandra Campos Fernández e D. Luis Alonso Simón presentan solicitude conxunta (doc. 170058186) de oposición tanto á recusación como a repetición do exercicio.

6.9.- O 21 de abril de 2017 D. Jorge García Miguelez, D^a. Tamara Bastos Salorio, D. Abraham Roca Barcia, D. Ero López Rodríguez, D. Borja Herrera Sousa, D. Dámaso L. Pena Pereira, e D. Pedro Macías Barros presentan solicitude conxunta (doc. 170058190) de oposición tanto á recusación como a repetición do exercicio a través de Letrada.

Constatada a falta de acreditación da Letrada na representación con que dí actuar, se formula requerimento de subsanación aos interesados que se verifica o 05 de maio seguinte (doc. 170063848).

6.10.- O 21 de abril de 2017 D. D. Abraham Roca Barcia, D^a. Tamara Bastos Salorio, D. Ero López Rodríguez, D. Borja Herrera Sousa, D^a. Alejandra Campos Fernández, D^a. Úrsula Comesaña Ambrosio, D. Luis Alonso Simón, D. Alejandro Pérez Álvarez, D. Pablo Alonso Quiñones, D. Damian Areal Lago, D. Jorge García Miguelez, D^a. María Jesús Antunes Varela e D. Pedro Macías Barros presentan solicitude conxunta (doc. 170057963) de oposición tanto á recusación como a repetición do exercicio.

6.11.- Os interesados que suscriben os documentos 170058186 e 170058190 o fan baixo unha argumentación idéntica de rechazo á causa de abstención por amizade íntima que se resume a continuación:

- En relación coa copia dos documentos fotográficos aportados polos recusantes, porque non son máis que un reflexo dunha celebración puntual entre compañeiros de traballo.

- Porque ademais carece de toda transcendencia a relación de amizade en FACEBOOK entre D. Marta Pereiro Domínguez e D. Damián Areal Lago, como se pon de manifesto en que tamén o é o recusante (aínda que sen xustificar nada sobre isto último; o acceso aos devanditos documentos era libre ao tempo da súa achega ao proceso selectivo con tal de coñecer a identidade dos recusados).

- Porque o etiquetado de *"pasando este día especial"* prodúcese automaticamente pola aplicación informática.

- En relación co informe sobre a recusación emitido polos recusados, porque no mesmo negan a existencia da devandita causa e a alusión á boa preparación dos opositores non é senón produto do coñecemento propio das relacións profesionais entre eles resaltando que *"estamos hablando de formación, de preparación y de curriculum laboral, esto es, de actividades que se enmarcan absolutamente dentro del campo más estricto de compañeros de trabajo, además compañeros ocasionales (apenas unos meses) dado que la relación laboral de los dos opositores con el Concello de Mos finalizaba precisamente con la cena de navidad"*

- Porque, incluso admitindo que resulte suficiente un indicio fundado, tales indicios han de selo da amizade íntima ou da relación de servizo, e non dunha relación de camaradería, de traballo, de compañerismo *"porque esos ámbitos de las relaciones humanas no quiso el legislador considerarlos como sospechas fundadas de atentados contra la imparcialidad del Tribunal"*.

Trala cita da xurisprudencia que consideran aplicable, terminan interesando a desestimación do motivo de recusación, así como a da petición de repetición do exercicio por parte dos recusantes e de disolución del tribunal de selección.

6.12.- Os demais escritos de oposición á recusación coinciden en rexeitar a existencia da dita causa, sen argumentación nova.

6.13.- O acceso á función pública é un dereito fundamental de configuración legal (art. 23.2, 53.1 e 103.3 CE).

En particular, o acceso á función pública responde aos principios de igualdade, mérito e capacidade entre os aspirantes; publicidade das convocatorias e das bases; transparencia; imparcialidade, profesionalidade, independencia e discrecionalidade técnica dos órganos selectivos; e adecuación entre o contido das bases e as funcións a desenvolver e axilidade (art. 55 e concordantes da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo RDL 5/2015 de 30 de outubro).

6.14.- En garantía da real efectividade do citado dereito e en canto aquí interesa, no art. 23.2 c) da LRXSP establécese o deber do persoal ao servizo das AAPP de absterse de intervir nos asuntos de que coñezan cando concurra relación de amizade íntima con calquera dos interesados no respectivo procedemento.

Para o caso de non terse abtido, dito persoal poderá ser recusado "en cualquier momento de la tramitación del procedimiento" (art. 24.1 *ibídem*).

6.15.-Para dar adecuada resposta as peticións que alternativamente presentan uns e outros interesados será necesario:

Comprobar a real efectividade da concurrencia da causa invocada (resposta á petición de aceptación da recusación).

Comprobar, no caso de que resulte xurídicamente procedente a recusación, si ademáis resulta indispensable para garantir un procedemento selectivo constitucional e legalmente conforme, a anulación do primeiro exercicio con repetición da proba e nomeamento dun novo tribunal.

6.16.- O canon de axuizamento a utilizar para apreciar a concurrencia ou inexistencia da causa debe estar á altura do ben xurídico protexido.

Na xa citada Sentenza do Tribunal Supremo de 12 de decembro de 2012 (Recurso de Casación 204/2010) se dispon en relación coa invocada causa de abstención/recusación por "amizade" íntima o seguinte:

"Otra cosa sería que existiera entre esas personas la "amistad íntima" que encarna el distinto motivo de abstención c) de ese mismo artículo 28.1 de la Ley 30/1992 (LA LEY 3279/1992) . Pero debe decirse que amistad "íntima" no es la simple relación de conocimiento personal que se deriva de la coincidencia como compañeros en el mismo centro de trabajo, pues lo que la caracteriza es un vínculo personal que se mantenga más allá del lugar de trabajo; esto es, el vínculo que se deriva de un trato frecuente o cotidiano al margen de la profesión que, por ello, demuestre esa superior proximidad afectiva que resulta necesaria para que se pueda hablar de "amistad íntima". Y ha de añadirse, finalmente, que la demanda, respecto de las personas sobre las que sostiene el deber de abstención, no aporta datos o circunstancias que revelen que han tenido con los aspirantes aprobados esa estrecha relación personal, al margen de la profesión, que resulta necesaria para que pueda ser apreciada la " amistad íntima".

O Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH), nunha consolidada doutrina ten establecido o seguinte matiz esencial e de fecundas consecuencias prácticas en canto ao requisito da imparcialidade: As apariencias poden ser importantes.

O argumento do TEDH é como sigue (Sentenza de 01 de decembro de 2015, Caso Blesa Rodríguez contra España):

41. *"El Tribunal reitera que la imparcialidad debe evaluarse por medio de un análisis subjetivo, que consiste en tratar de determinar la opinión personal de un juez concreto en un asunto determinado; y por medio de un análisis objetivo, que consiste en confirmar si el juez ofrece suficientes garantías para excluir cualquier duda legítima en este sentido (ver, entre otros precedentes Morice c. Francia [GC], nº 29369/10, §§ 73-78, 23 de abril de 2015; Pescador Sentencia Blesa Rodríguez c. España 8 Valero c. España , anteriormente citado, § 21; y Thomann c. Suiza, 10 de junio de 1996 , § 30, Informes sobre Juicios y Decisiones 1996-III).*

42. *Respecto al aspecto subjetivo de la imparcialidad, el Tribunal señala que en el presente asunto nada indica la existencia de prejuicio o parcialidad por parte del magistrado Sa.*

43. *Resta por tanto el análisis objetivo. En este caso, lo que debe determinarse es si, independientemente del comportamiento del magistrado, existen hechos objetivos que puedan plantear dudas sobre su imparcialidad. En este sentido, incluso las apariencias pueden ser importantes. Lo que está en juego es la confianza que los tribunales deben inspirar en la ciudadanía en una sociedad democrática (ver Castillo Algar c. España , sentencia de 28 de octubre de 1998 , Informes 1998-VIII, pág. 3116, § 45). Esto implica que al decidir si en un caso determinado existe un motivo válido para temer que un juez concreto carece de imparcialidad, la opinión del demandante es importante pero no deci-*

siva. Lo decisivo es si dicho temor puede entenderse como objetivamente justificado (ver Pescador Valero , anteriormente citado, § 23; Ferrantelli y Santangelo c. Italia , 7 de agosto de 1996, pág. 951-52, § 58; Informes 1996-III, y Wettstein c. Suiza , nº. 33958/96, § 44, TEDH 2000-XII).

44. El Tribunal debe determinar si los temores del demandante sobre la imparcialidad del magistrado son legítimos, teniendo en cuenta las relaciones profesionales entre el magistrado y la universidad que ha iniciado el procedimiento contra el demandante, y si esas relaciones suscitan dudas sobre su imparcialidad objetiva. El magistrado era profesor asociado y realizaba labores administrativas por las que percibía ingresos por parte de la universidad. Por dichos motivos, se debe considerar que el juez mantuvo relaciones profesionales regulares, estrechas y remuneradas con la universidad mientras llevaba a cabo sus labores como magistrado en la Audiencia Provincial de Santa Cruz de Tenerife. En opinión del Tribunal, estas circunstancias sirven objetivamente para justificar el recelo del demandante de que el magistrado Sa. carecía de la imparcialidad necesaria (ver Pescador Valero , anteriormente citado, §§ 27-28)".

...

O mandato semella claro: A recusación (cando non se teña producida a abstención do afectado) aceptarase non só cando resulte debidamente probada a súa causa, senon tamén cando independentemente do comportamento do afectado existan datos obxectivos que por dedución racional consistan aceptar a mera sospeita da súa existencia (v. Auto da Sala 4ª do Tribunal Supremo, de 25 de febreiro de 2016, F.X. 3º, Recurso de Casación 3417/14).

6.17.- A relación de amizade íntima no traballo.

Sosteen os opositores comparecentes que interesan o rexeitamento da recusación (documentos 170058186 e 170058190) que incluso admitindo que resulte suficiente un indicio fundado, tales indicios han de selo da amizade íntima ou da relación de servizo, e non dunha relación de camaradería, de traballo, de compañerismo "*porque esos ámbitos de las relaciones humanas no ha querido el legislador considerarlos como sospechas fundadas de atentados contra a imparcialidad del Tribunal*".

Parece notorio que dita consideración non se corresponden nin coa concepción que da amizade íntima manexa o ciudadano medio, nin coa conseguinte función que o concepto cumpre na normativa de aplicación, nin en fin coa xurisprudencia que a interpreta.

O diccionario da RAE define a amizade como "*afecto personal, puro y desinteresado, compartido con otra persona, que nace y se fortalece con el trato*". O adxectivo íntima engade o requisito da estreiteza.

En canto afecto compartido, a amizade íntima non é un algo obxectivamente mensurable. Pertence primeiro a conciencia interna de cada cal, e se exterioriza en moi diversos modos e intensidades. Pode xurdir paulatinamente e logo fortalecerse; ou nacer con extremado vigor e ao cabo dun tempo debilitarse ou extinguirse sen que sexa posible negar a súa existencia en ambos os dous casos. Na súa orixe e desenvolvemento non resulta estraña ás infinitas relacións humanas posibles, consideradas estas de xeito aislado ou combinado : o traballo, o lecer, o deporte, a vinculación orgánica por razóns ideolóxicas, a veciñanza... e últimamente a hiperactiva participación nas redes sociais, que coa súa infinita capacidade portátil de conectividade e transmisión de datos de calquera clase permite monitorizar e compartir instantaneamente a vida enteira dos seus usuarios. O que non impide admitir que non ten que darse en todos os casos.

Descártase aquí unha concepción restritiva, ligada á que é propia dun ou de moi poucos amigos (pois nese caso a súa regulación legal resultaría en xeral irrelevante). Aínda que tampouco cabo excluír radicalmente a súa apreciación por razón da maior ou menor continuidade no trato.

Por conseguinte, e partindo aquí dun entendemento estrito na aplicación das causas de recusación, serán en cada caso as circunstancias concretas alegadas e apreciadas sobre a súa existencia as que determinen a concurrencia ou non da causa, sen apriorismos –supostos ámbitos exentos- de ningún tipo.

6.18.- Aplicando a citada doutrina xurisprudencial ás recusacions presentadas, considérase suficientemente xustificadas os temores dos recusantes sobre a concurrencia da causa.

Os argumentos que conducen a tal conclusión son os seguintes:

- Aínda que non existe no réxime xurídico básico do Sector Público un precepto paralelo ao contido no apartado primeiro do art. 223 da Lei Orgánica do Poder Xudicial (mandato de propoñer a recusación tan pronto como se teña coñecemento da causa, baixo a sanción de inadmisión absoluta) e, polo tanto, a recusación resulta por razón de tempo oportuna, algunha reflexión resulta inevitable sobre o momento da interposición da recusación ou sobre algunha das alegacions ou pretensións dado que a causa invocada, en función da fonte de revelación (Facebook), non resulta creíble que se coñecese de xeito sobrevido ao exercicio.
- A falta de proba cumprida da concurrencia da causa, os datos obxectivos que por dedución racional levarían á mera sospeita da súa existencia con idénticas consecuencias haberían de cumprir cando menos estes dous requisitos: a) ser asequibles a terceiros (para posibilitar o seu control); b) proporcionar unha base real e suficiente da conexión entre recusados e opositores vinculados (excluíndo os meros estados ou circunstancias anímicas).
- As sospeitas de filtracións descritas nos escritos de recusación carecen de fundamento obxectivo. Ao xa dito ó respecto nos fundamentos xurídicos segundo e terceiro cabe engadir que desde hai anos practicamente todos os medios escritos e dixitais teñen adoptado como estratexia de comunicación cos seus lectores e oíntes a difusión das súas noticias a través de diversas redes sociais, das que Facebook é actualmente a máis seguida. O mesmo cabe dicir respecto de institucións públicas e mesmo privadas como a mencionada Academia FONSECA.
- A sospeita (como mero estado anímico) de filtracións de preguntas a opositores non é, nin legal (ex. art. 23.4 da LRXSP) nin socialmente (regras derivadas da lóxica, a experiencia común e a sana crítica) unha inferencia inequívoca derivada da posible concurrencia e admisión da causa de abstención/recusación consistente en ter “amizade íntima” co/os interesados no respectivo procedemento.

E o que resulta máis importante aquí: os potenciais efectos anulatorios das actuacións derivados da eventual admisión da causa invocada operan con total inde-

pendencia das meramente alegadas filtracións (argumentación desenvolta no fundamento xurídico sétimo).

- Os datos aportados polos recusantes non son negados polos recusados, nin polos opositores que teñen comparecido no trámite de audiencia.

Non obstante, todos estes negan a relación de amizade íntima. Consideran que se trata dunha simple foto correspondente a un evento propio dos usos sociais xeralmente aceptados (cena de Nadal no ámbito laboral) do que non cabe deducir conclusión desfavorable para os intereses dos recusantes.

E é verdade que da mera fotografía non sería lexítimo deducir, nos termos xurisprudencialmente establecidos, non xa a proba cumprida senon siquera a mera sospeita da real existencia da causa invocada.

Pero dita fotografía – libremente realizada, subida, etiquetada e compartida en FACEBOOK por D. Jesús González Costas- está acompañada e directamente conectada con outras dous nos que aparecen, respectivamente, os identificativos dun dos opositores aprobados no que consta a relación de amizade en Facebook coa vogal recusada, e na outra unha mensaxe produto da pura vontade de D. Jesús González no que de xeito moi claro destaca a recíproca e especial compañía entre quen agora, neste proceso selectivo iniciado dous meses despois do evento que reflicte a discutida fotografía, resultan cuestionados como membros do órgano selectivo ou opositores. A citada mensaxe aparece como libremente compartida cos emoticonos de “me gusta” e “me encanta” con Marta Pereiro Domínguez, Ro CM e 42 persoas máis.

Existen, polo tanto, datos obxectivos que se ben non constituen proba cumprida da concurrencia da causa, si amparan suficientemente a mera sospeita da súa real existencia.

Tales datos obxectivos resultan confirmados de xeito periférico polos informes emitidos polos recusados, nos que se refiren aos opositores como “personas que llevan años preparando oposiciones a Policía local estando muy bien formados, prueba de ello son las buenas notas que según tengo entendido, vienen obteniendo en la mayoría de los ayuntamientos a los que se presentan” (vogal D^a. Marta Pereiro); “sin embargo suspendió el examen, cosa que me sorprendió muchísimo pues es un chaval muy bien formado, con buena preparación “ (vogal D. Jesús González, referíndose ao opositor D. Víctor Diz González), “No obstante no me sorprendió absolutamente nada, que Damián hubiese aprobado el examen con buena nota, pues también está muy bien preparado, pues lleva años en una academia preparándose y presentándose a numerosos ayuntamientos y siempre con buenas notas según tengo entendido” (vogal D. Jesús González). O verbo sorprender (DRAE: “pillar desprevenido”, “conmocionar, suspender o maravillarse con algo imprevisto, raro o incomprensible”) acompañado dos adverbios intensificadores en grado superlativo “muchísimo” e “absolutamente nada” denota unha idea, actitude ou disposición de proximidade persoal difícil de combater aquí.

Xa se ten dito en relación cos informe dos recusados que os opositores comparecentes (en particular, docs. 170058186 e 170058190) negan a relación de amizade íntima e atribúen o expresado coñecemento da boa preparación dos opositores vinculados ao coñecemento propio das relacións profesionais entre eles resaltando que “*estamos hablando de formación, de preparación y de curriculum laboral, esto es, de actividades que se enmarcan absolutamente dentro del campo*

más estricto de compañeros de trabajo, además compañeros ocasionales
Os comparecentes consideran tamén relevante que os opositores vinculados se teñan presentado a outras oposicións e aprobado cando menos como auxiliares en Tuy, Bueu y Mos.

Para rexeitar estes argumentos –confirmando a sospeita da estreita proximidade persoal- é suficiente con reparar en que si a relación de traballo que resulta acreditada o foi entre policía locais (os vogais recusados) e auxiliares de Policía (opositores vinculados), os primeiros poderían dar boa conta da capacitación destes como auxiliares de policía local, pero en ningún caso como aspirantes a policía locais. Todo canto exceda dese estrito ámbito non será en ningún caso imputable á relación profesional –que ademáis resultou certamente corta-, a risco de confundir gravemente cualificacións profesionais esencialmente diversas e desdixar que o exceso refírese precisamente á temática evaluable no proceso selectivo. E tampouco resulta acertado, con toda evidencia, que aquela consideración –sorpresa superlativa- se teña producido –suposición- polo feito de levar anos presentándose a procesos selectivos non superados como é notorio.

Por isto, menor relevancia ten -aínda que resulta ben significativa- a admitida sorpresa de D. Jesús González respecto do feito de que un dos opositores vinculados suspendeu o exercicio.

- Non está aquí demáis lembrar que desde a Sentenza do Tribunal Constitucional 38/81 de 23 de novembro se ten imposto no noso ordeamento xurídico o principio de inversión da carga da proba en materia de dereitos fundamentais, de xeito que cando do exercicio dos mesmos se trata, corresponde ao seu titular aportar indicios da vulneración que, unha vez constatados, operan invirtiendo a carga da proba –que debe resultar cumprida- da inexistencia da lesión a cargo do seu suposto autor.
- A conclusión estimatoria imponse, xa que logo, porque ao marxe do comportamento dos afectados resulta suficientemente alegada e acreditada a mera sospeita de súa falta de imparcialidade.

Sétimo.- Sobre as peticións de repetición da proba.

7.1.- Os recusantes interesan no mesmo escrito de recusación a repetición da celebración do primeiro exercicio, conectada causalmente coa recusación dos vogais.

Estamos, polo tanto, ante un recurso de alzada (ex. arts. 121, 122 e concordantes da Lei 39/15 de procedemento administrativo común) contra a celebración da primeira proba do proceso selectivo.

7.2.- Os opositores que comparecen no trámite de audiencia se opoñen a dita pretensión. Os que o fan baixo unha mesma argumentación reitoria (documentos 170058186 e 170058190) alegan desproporcionalidade con cita da xurisprudencia que consideran aplicable.

7.3.- O art. 23.4 da LRXSP dispon o seguinte:

“A actuación de autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas nos que concurran motivos de abstención non implicará, necesariamente, e en todo caso, a invalidez dos actos en que interveñan”.

7.4.- A Sentenza do Tribunal Supremo de 19 de xullo de 2012, ditada no Recurso de Casación 2825/09, establece a seguinte doutrina:

(Argumentación da Sentenza de instancia confirmada en casación, FX 2º)

“La siguiente cuestión a examinar es la incidencia de dicha causa de abstención y recusación en la habilitación de Doña Mariola , y ello dado que la actuación de autoridades y personal al servicio de las Administraciones Públicas en los que concurran motivos de abstención no implicará, necesariamente, la invalidez de los actos en que hayan intervenido (artículo 28.3 de la Ley 30/1992 (LA LEY 3279/1992)). Esta solución legal que rechaza la automaticidad de la invalidez de la actuación administrativa cuyo autor esté incurso en una causa de abstención puede explicar el mandato legal de que la impugnación de la desestimación del incidente de recusación se difiera al momento del enjuiciamiento del fondo del asunto, siendo esta la ocasión de valorar el conjunto de las circunstancias concurrentes para determinar su incidencia en la validez o no de la habilitación puesta en entredicho.

Interesa en este punto parar mientes en un dato relevante a la hora de enjuiciar la trascendencia de la concurrencia en el caso de la sobredicha causa de abstención y recusación, y es el relativo al carácter del procedimiento de habilitación litigioso, que está impregnado en su decisión por el mecanismo que se ha dado en llamar discrecionalidad técnica. Al respecto es de recordar que la jurisprudencia del Tribunal Supremo ha puesto de manifiesto que la discrecionalidad técnica reduce las posibilidades de control de la actividad evaluadora de los órganos de la Administración prácticamente a dos supuestos: el de la inobservancia de los elementos reglados -cuando estos existan- , y el del error ostensible o manifiesto, y, consiguientemente, deja fuera de ese limitado control aquellas pretensiones de los interesados que sólo postulen una evaluación alternativa a la del órgano calificador, moviéndose dentro del aceptado espacio de libre apreciación, y no estén sustentadas con un posible error manifiesto (STS 14-7- 2000 y 10-10-2000 , entre otras).

Pues bien, si la imparcialidad del órgano administrativo es un valor que ha de ser siempre respetado, dicha garantía cobra mayor importancia aún en aquellos procedimientos que se resuelven desde criterios de discrecionalidad técnica precisamente por el limitado control judicial posterior de que son susceptibles, lo que exige potenciar aquella garantía dada la privilegiada presunción de acierto de que gozan las decisiones de la Administración en dicho ámbito. La aplicación de cuanto acabamos de consignar al supuesto enjuiciado, en que concurrían en dos miembros de la Comisión juzgadora la correspondiente causa de abstención y recusación por su cercanía asociativa para el asesoramiento con la candidata Doña Mariola , conduce a la conclusión de que en el caso no se han garantizado los principios de igualdad de oportunidades, mérito y capacidad de los candidatos (artículo 64.1 de la Ley Orgánica 6/2001 (LA LEY 1724/2001) en su versión a la sazón vigente) como consecuencia de la defectuosa composición del órgano evaluador debido a la presencia de aquellos miembros, cuya presencia se irradia y contamina a los demás miembros viciando la voluntad colegial, cuyo vicio se proyecta y comunica a la decisión final de habilitación de Doña Mariola , que, en consecuencia, ha de ser anulada, cuya solución aparece abonada por la propia jurisprudencia al señalar que la Administración tiene que actuar siempre de forma que sus actuaciones, tanto por la forma como por el fondo, puedan provocar confianza en el administrado y que, en principio y como regla general, han de considerarse inválidos los actos dictados por órganos cuyo titular incurra en

causa de recusación, siendo así que sólo excepcionalmente debe mantenerse la validez de un acto dictado en esas condiciones (sentencia del Tribunal Supremo de 26-2-1990)".

(Motivo do recurso -apoiado polo Abogado do Estado-, F.X. 3º)

El segundo motivo de casación sostiene que en el caso litigioso no que se puede dar eficacia invalidante a esa controvertida causa de abstención y recusación, y reprocha al fallo recurrido la violación por inaplicación de los artículos 28.3 (LA LEY 3279/1992) y 66 de la Ley 30/1992 (LA LEY 3279/1992) [LRJ/PAC].

Se aduce principalmente en apoyo de este reproche que consta que la resolución de habilitación contó con el voto favorable de seis de los siete miembros de la Comisión titular; y se cita la doctrina jurisprudencial contenida en las sentencias de 4 de abril de 2005 , 19 de enero de 2005 y 10 de mayo de 2000 , principalmente en lo que declaran sobre la inexistencia de invalidez si el motivo de recusación no tiene influencia decisiva en la formación de la voluntad del correspondiente órgano administrativo.

También se combate la declaración de la sentencia recurrida de que la defectuosa composición del órgano evaluador, debido a la presencia de los miembros en que concurría la causa de abstención/recusación, haya irradiado y contaminado a los demás miembros viciando la voluntad colegial; y lo aducido principalmente con esta finalidad es que nada hay en las actuaciones que revele o exteriorice en esos otros miembros preferencia alguna a favor de la Sra. Mariola .

Y se añade, finalmente, que no se acredita en qué medida resultaron vulnerados los principios de mérito y capacidad que se dicen infringidos como consecuencia de la concurrencia de las causas de recusación invocada, ni que con ello se produjera una disminución de las garantías que han de presidir el proceso selectivo.

(Desestimación do motivo, F.X. 6º)

El segundo motivo de casación tampoco puede alcanzar éxito por ser igualmente acertadas las razones que desarrolla la sentencia recurrida para atribuir efecto invalidante a la presencia de la causa de abstención/recusación; unas causas que se pueden sintetizar en lo que continúa.

En el sistema de habilitación nacional para el acceso a Cuerpos de funcionarios docentes universitarios de que aquí se trata, la decisión que ha de adoptar la correspondiente Comisión de habilitación que resuelve las pruebas no exterioriza un simple acto de voluntad sino un juicio de valoración profesional encuadrable dentro de la llamada discrecionalidad técnica y, por tanto, caracterizado por un muy amplio margen de apreciación.

Ese amplio margen de apreciación que es posible hace que el debate previo a la decisión tenga una gran importancia y que, por esta razón, en la formación de la convicción final que refleja el voto de cada miembro de la Comisión influyan tanto sus propios criterios como los que haya escuchado en el debate provenientes de otros miembros de la Comisión.

Pues bien, esa interrelación de la totalidad de los miembros de la Comisión que es inherente al debate hace que sea de compartir el razonamiento de la sentencia de instancia de que la presencia de dos miembros afectados por la causa de abstención/recusación irradiaba y contaminaba a los restantes miembros y viciaba de falta de imparcialidad a la decisión colegial.

Y fracasado este segundo motivo del recurso de casación de la Sra. Mariola , igual suerte merece el motivo único del recurso de casación del Abogado del Estado.

7.5.- A aplicación da citada doutrina xurisprudencial conduce directamente á estimación da petición de repetición da proba.

Os argumentos reitores radican:

a) Na concurrencia como no caso da Sentenza considerada da discrecionalidade técnica na elaboración da primeira proba.

b) Na amplísima liberdade individual outorgada aos membros do tribunal para a confección do exercicio.

A tal efecto é indispensable por de manifesto que na súa sesión constitutiva de 23 de febreiro decidiuse que aos efectos da elaboración do exercicio o Tribunal quedaba emplazado para as 07:00 horas da mañá do propio 03 de marzo momento no que o Presidente e os tres vogais con voz e voto achegarían cada un deles unha proposta dun mínimo de 50 preguntas (en castelán e galego) distribuídas por grupos de 10 temas correlativos establecidos na propia sesión constitutiva. E que a partir desas propostas e actuando xa como órgano colexiado elaboraría o exercicio con aportación de 25 preguntas –máis as de reserva- por vogal incluído o Presidente, sen prexuízo da posibilidade de incrementar o diminuir o citado número de preguntas respectivas en función de puros criterios técnicos de oportunidade sobre o contido global do exercicio.

E, efectivamente, o día 03 de marzo ás 07:10 horas réunese o Tribunal e soamente nese momento se revelan e coñecen respectivamente polos demais membros do Tribunal, a citadas propostas.

O Tribunal permaceu reunido ininterrompidamente ata rematar a elaboración do exercicio, o que tivo lugar ás 10:45 horas. E de seguido procedeuse á confección (mecanicamente) do caderno que contiña o mesmo para a súa posta a disposición dos opositores.

7.6.- Nun xuízo *ex ante*, e dada a hora da celebración do exercicio que de ningún xeito foi decidida polo tribunal, a opción tomada o 23 de febreiro semella plenamente acertada, sen o menor asomo de irregularidade.

A regra da discrecionalidade técnica que como é sabido implica unha presunción de validez, razoabilidade e eficacia da actuación dos órganos selectivos con fundamento legal preciso na súa imparcialidade e especialidade técnica (aplicación da ciencia propia do Tribunal en canto ás actividades preparatorias ou instrumentales relativas á selección da materia obxecto do xuízo técnico: preferencia de contidos, grao de dificultade, etc.) presidiu tanto a fase previa de elaboración das respectivas propostas por cada un dos membros do tribunal (con amplísima liberdade de confección), como a actuación deste, xa como órgano colexiado, incorporando ao exercicio finalmente elaborado ditas propostas segundo cotas convenidas o 23 de febreiro anterior.

7.7.- Aceptado o motivo de recusación dos dous vogais do Tribunal con voz e voto por constar de xeito suficiente unha sospeita fundada de amizade íntima, todas as actuacións relativas ao primeiro exercicio resultan inevitablemente contaminadas en conexión de antixuridicidade (xuízo *ex post*) entre dita causa e as inescindibles actuacións dos recusados

individualmente (amplísima liberdade de confección das respectivas cotas do exercicio) e no seo do órgano colexiado, polo que se impon necesariamente a nulidade da proba.

Quizáis non esté de máis insistir no obvio: unicamente o respecto escrupuloso aos principios instrumentais establecidos no art. 55 EBEP (en particular e aquí, os de transparencia, imparcialidade e discrecionalidade técnica) garanten que a capacidade acreditada nun proceso selectivo o foi en condicións de igualdade. Aqueles son o pegamento, o común denominador que unifica a posición xurídica, de partida e durante todo o procedemento selectivo, de todos os aspirantes ao redor do principio de igualdade que a lexítima, de xeito que a normal disparidade da capacidade acreditada ao rematar o mesmo resulte constitucional e legalmente conforme.

A garantía do dereito opera só nesa dirección e sentido, e sitúa o nacemento da lesión no acordo do día 23 de febreiro e a súa consumación na elaboración do exercicio polo tribunal a mañá do día 03 de marzo.

7.8 Por isto, a contestación a un exercicio elaborado baixo a mera sospeita fundada da falta de imparcialidade -obxectiva ou subxectiva- do órgano selectivo ou, dito doutro xeito confeccionado baixo o mero risco racional e verosímil de non terse atido exclusivamente ao mandato de atender pura e simplemente con obxectividade aos requisitos de capacidade esixibles de todos e cada un dos aspirantes, unifica o resultado lesivo sin posibilidade de artificiosas distincións segundo o potencial número de opositores afectados ou entre as cualificacións obtidas por estos.

Concorre aquí, ademáis, a circunstancia agravante de que o exercicio cuxa nulidade se postula é o único puntuable no proceso selectivo ao tempo que único tamén en canto á aplicabilidade da discrecionalidade técnica.

Oitavo.- Sobre o nomeamento dun novo tribunal.

Todos os recusantes coinciden en solicitar o nomeamento dun novo tribunal (sustitución íntegra do nomeado pola Xunta de Goberno Local o 08 de febreiro de 2017).

Non é esta pretensión unha consecuencia derivada da admisión da causa de recusación por amizade íntima (art. 24 da LRXSP). Polo contrario, o que resulta legalmente procedente é a mera sustitución dos recusados (ibídem, e art. 13, 1 e 2).

Nótese que, en rigor, si unha das garantías do exercicio do dereito fundamental cuestionado é a independencia na actuación do órgano de selección -art. 55.2 d) do RDL 5/15-, esta debe manterse en todo caso e fronte a todos (incluso e principalmente, dito sea aos efectos meramente dialécticos, fronte ao órgano que o nomeou) a salvo a concurrencia das causas de abstención/recusación previstas na propia lei. Ao que cabe engadir que cando a citada Sentenza do Tribunal Supremo de 19 de xullo de 2012 fala da "*defectuosa composición del órgano evaluador debido a la presencia de aquellos miembros, cuya presencia se irradia y contamina a los demás miembros viciando la voluntad colegial, cuyo vicio se proyecta y comunica a la decisión final...*", estase referindo inequívocamente á mera contaminación ou conexión de antixuridicidade inconsciente respecto dos demais membros do tribunal.

Noveno.- A aceptación da recusación esixe o nomeamento de novos titulares das respectivas vogalías (art. 13, 1 e 2 da LRXSP).

En mérito de canto antecede, en uso das atribucións que legalmente me corresponden,

Oído o Tribunal en sesións do 15 de marzo e 04 de maio,

A través da Área de RRHH veño en elevar á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

1º.- Admitir a recusación presentada por D. Cristian Alonso Figueroa (doc 170035408) e outros opositores dos que se deixa adecuada constancia no antecedente primeiro desta proposta, contra os membros do Tribunal de oposición D^a. Marta Pereiro Domínguez (inicialmente, vogal suplente da vogal titular 2º) e D. Jesús González Costas, (vogal titular 3º) por estar incursos na causa de abstención/recusación de “amizade íntima” prevista nos arts. 23.2 c) e 24 da Lei 40/15 RXSP.

2º.- Rexeitar as peticións contrarias á admisión da causa de recusación por amizade íntima, das que se deixa adecuada constancia nos apartados 6.4 a 6.10 dos fundamentos xurídicos da presente proposta.

3º.- Rexeitar a causa de recusación tamén invocada por D. Cristian Alonso Figueroa (doc 170035408) e outros opositores dos que se deixa adecuada constancia no antecedente primeiro desta proposta, consistente en “ter relación de servizo” cos interesados no procedemento do art. 23.2 e) da LRXSP.

4º.-Deixar, en consecuencia, sen efecto os nomeamentos dos citados vogais procedendo á inmediata substitución dos mesmos consonte ás previsións do art. 24 da citada LRXSP.

5º.-Admitir os recursos dealzada (petición acumulada) presentados polos recusantes-recurrentes contra a celebración da primeira proba do proceso selectivo interesando a súa anulación, por resultar patente –nos termos descritos no fundamento xurídico sétimo desta proposta- a conexión de antixuridicidade entre a causa de recusación estimada e as inescindibles actuacións dos recusados individualmente e como membros do órgano colexiado.

6º.- Ordenar, en consecuencia, ao Tribunal retrotraer as actuacións ao momento inmediato anterior á elaboración e celebración do exercicio, para que coa composición que resulte do sistema de substitucións dos vogais recusados previsto nas bases da convocatoria e sen prexuízo do nomeamento dos novos vogais titulares 2 e 3, se proceda sen demora a nova celebración do exercicio anulado.

7º.-Rexeitar a petición acumulada polos interesados de nomeamento dun novo Tribunal.

8º.- Publíquese o presente acordo na sede web do Concello de Vigo e no seu tablón de edictos, para coñecemento dos interesados.

9º.- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, só cabe recurso ante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a contar desde o seguinte á publicación realizada consonte ao número anterior. Isto sen prexuízo do dereito dos interesados a interponer calquera outro que consideren oportuno en dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(517).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO INFORME-PROPOSTA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN, DE DATA 09/05/2017, E CONSECUENTEMENTE DO ACORDO DA XGL DE 25/05/2017 (NO EXPTE.: 29932/220). EXPTE: 30059/220.

Dáse conta do informe-proposta do 26/05/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de data 25/05/2017, foron aprobadas as Bases Reitoras do Proceso Selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos do artigo 10.1 do TRLEBEP, como Técnico de Xestión (Expte: 29932/220).

Detectado erro no Temario Xeral, pois constan dous temas 8, cando en realidade debía constar un só, debendo quedar así, Tema 8: Principios da organización administrativa. Principios reitores das relacións entre as administracións. Os órganos colexiados. A abstención e recusación. O acto administrativo: concepto e clases. Requisitos: competencia, contido, motivación e forma. Eficacia dos actos administrativos. Obriga de resolver e silencio administrativo.

Segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, do oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En consecuencia, e o abeiro das competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015, así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dita órgano a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

ÚNICO.- Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o erro detectado na proposta da Área de RRHH e Formación, de data 9/05/2017 e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data de data 25/5/2017, polo que foron aprobadas as Bases Reitoras do Proceso Selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos do artigo 10.1 do TRLEBEP, como Técnico de Xestión (Expte: 29932/220), debendo figurar onde di:

Tema 8.- Principios da organización administrativa. Principios reitores das relacións entre as administracións. Os órganos colexiados. A abstención e recusación.

Tema 8.- O acto administrativo: concepto e clases. Requisitos: competencia, contido, motivación e forma. Eficacia dos actos administrativos. Obriga de resolver e silencio administrativo.

Tema 8.- Principios da organización administrativa. Principios reitores das relacións entre as administracións. Os órganos colexiados. A abstención e recusación. O acto administrativo: concepto e clases. Requisitos: competencia, contido, motivación e forma. Eficacia dos actos administrativos. Obriga de resolver e silencio administrativo.

Mantendo os restantes extremos do acordo indicado”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16.- PROXECTO DE CONVENIO COA FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS “VIGO, UN MAR DE BANDAS” E “AULAS DE MÚSICA” DURANTE O EXERCICIO 2017. EXPTE. 1243/330.

Visto o informe xurídico do 23/05/17 e o informe de fiscalización do 25/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 19/05/17, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 12 de maio pasado, a asociación Federación de Bandas de Música Populares de Vigo presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e a documentación ao respecto; por este motivo, con data 12 de maio, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización dos programas “*Vigo, un mar de bandas*” e “*Aulas de Música*” durante o exercicio 2017, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 170.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.10 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que aglutina todas e cada unhas das bandas de música populares da cidade de Vigo e que leva desenvolvendo, dende o ano 1990, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade. Os principais obxectivos destas actividades son, por un lado, a formación contínua dos integrantes das bandas de música e, por outro, achegar unha oferta musical de maior calidade aos cidadáns, potenciando a creación de novos públicos.

Dende o ano 2001-2002, a citada entidade vén desenvolvendo o programa “**Aulas de música nas bandas**” cuxo propósito é o de ofrecer unha formación musical á cidadanía. A través deste programa trátase de fomentar o hábito e o estudo da música de banda, a aprendizaxe da linguaxe musical, o manexo de instrumentos musicais e a práctica dentro dunha colectividade, estando destinado ó público en xeral, sen límite de idade.

PROGRAMA:

PROGRAMA “Vigo, un mar de bandas”

- As actuacións desenvolverase ao longo de todo o ano en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.
- O número total de actuacións será de 90 (noventa), dez por cada unha das bandas pertencentes á entidade.
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á entidade beneficiaria, en coordinación co Concello de Vigo.
- Con carácter xeral, quedan excluídas do presente convenio aquelas actuacións en festas e romarías patronais.
- Así mesmo, poderanse realizar actuacións en desfiles, pasarúas ou procesións ata un máximo de 14 actuacións, entre elas as seis procesións seguintes de ámbito de cidade realizadas no centro urbano: A Borriquilla (domingo de Ramos), A Paixón (xoves santo), Santo Enterro e Virxe da Soedade (venres santo), Cristo da Victoria e Santa María (patroa de Vigo).

PROGRAMA “Aulas de Música”

- Desenvolverase de xaneiro a maio de 2017 nas sedes das bandas de música populares de Vigo que forman parte da entidade beneficiaria.
- As actividades están destinadas ao público en xeral, polo que o acceso será público e gratuíto.
- O límite de alumnado estará determinado polo número de prazas dispoñíbeis nos cursos ou grupos programados.
- Realizaranse, ademais, intercambios entre os centros ou entidades culturais participantes no programa, co obxecto de potenciar a Rede de Escolas de Música.
- Ao final do curso, entregaranse diplomas acreditativos de participación e paso pola Rede de Escolas de Música.
- Poderá existir tamén a distinción de alumnado destacado a través do outorgamento de becas para ampliar os seus estudos.

ORZAMENTO.-

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 170.000 € (cento setenta mil euros), financiándose integramente coa achega do CONCELLO.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia

- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Capacidade legal do presidente da entidade
- Certificado exención de iva
- Escrito remitido pola Federación de Bandas de Música Populares de Vigo de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á organización e realización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de Música” durante o exercicio 2017, proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación Federación de Bandas de Música Populares de Vigo, para a organización e realización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de Música” durante o exercicio 2017, obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Federación de Bandas de Música Populares de Vigo deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2017, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Federación de Bandas de Música Populares de Vigo ten como obxecto financiar a organización e realización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de Música” durante o exercicio 2017 e figura na partida 3340.480.00.10 “CONVENIO DE BANDAS DE MÚSICA”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 170.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Federación de Bandas de Música Populares de Vigo é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 170.000€ (cento setenta mil euros) á Federación de Bandas de Música Populares de Vigo , CIF. G-36855906 , para o financiamento da organización e realización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de Música” durante o exercicio 2017, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.10 “CONVENIO BANDAS DE MÚSICA”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Bandas de Música Populares de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da organización e realización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de Música” durante o exercicio 2017.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS “VIGO, UN MAR DE BANDAS” E “AULAS DE MÚSICA” DURANTE O EXERCICIO 2017

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezasete

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Enrique Lorenzo Vila, na súa condición de presidente da Federación de Bandas de Música Populares de Vigo (CIF: G-36855906) (en adiante a ASOCIACIÓN), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 857-03, con enderezo social na rúa Canteiros, 53, CP 36213 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita ASOCIACIÓN, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que aglutina todas e cada unhas das bandas de música populares da cidade de Vigo e que leva desenvolvendo, dende o ano 1990, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade. Os principais obxectivos destas actividades son, por un lado, a formación contínua dos integrantes das bandas de música e, por outro, achegar unha oferta musical de maior calidade aos cidadáns, potenciando a creación de novos públicos.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle reconece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO**, en concreto nos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de Música”, como medio que é de promover a música na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.10, como subvención nominativa, a favor da **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO**, a cantidade de 170.000 euros.

IV.- Que a **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na

execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver os programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de Música”, que se detallan na documentación achegada pola ASOCIACIÓN no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 170.000 € (cento setenta mil euros), financiándose integramente coa achega do CONCELLO.

TERCEIRA.- DATAS, LUGARES E CARACTERÍSTICAS DOS PROGRAMAS

PROGRAMA “Vigo, un mar de bandas”

- As actuacións desenvolverase ao longo de todo o ano en diversos espazos da cidade de Vigo, tanto ao aire libre como en recintos pechados.
- O número total de actuacións será de 90 (noventa), dez por cada unha das bandas pertencentes á ASOCIACIÓN.
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.
- Con carácter xeral, quedan excluídas do presente convenio aquelas actuacións en festas e romarías patronais.
- Así mesmo, poderanse realizar actuacións en desfiles, pasarúas ou procesións ata un máximo de 14 actuacións, entre elas as seis procesións seguintes de ámbito de cidade realizadas no centro urbano: A Borriquilla (domingo de Ramos), A Paixón (xoves santo), Santo Enterro e Virxe da Soedade (venres santo), Cristo da Victoria e Santa María (patroa de Vigo).

PROGRAMA “Aulas de Música”

- Desenvolverase de xaneiro a maio de 2017 nas sedes das bandas de música populares de Vigo que forman parte da ASOCIACIÓN.
- As actividades están destinadas ao público en xeral, polo que o acceso será público e gratuíto.
- O límite de alumnado estará determinado polo número de prazas dispoñíbeis nos cursos ou grupos programados.
- Realizaranse, ademais, intercambios entre os centros ou entidades culturais participantes no programa, co obxecto de potenciar a Rede de Escolas de Música.
- Ao final do curso, entregaranse diplomas acreditativos de participación e paso pola Rede de Escolas de Música.

- Poderá existir tamén a distinción de alumnado destacado a través do outorgamento de becas para ampliar os seus estudos.

CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da ASOCIACIÓN.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

–Editar o material gráfico (carteis, folletos, rolers...) para a difusión do programa de actuacións obxecto deste convenio, dos que facilitará ao CONCELO o número de exemplares que se decida de mutuo acordo.

–Instalar os rolers publicitarios editados nos escenarios onde se realicen as actuacións con cargo a este convenio, en lugar perfectamente visíbel.

–Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

–Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ASOCIACIÓN entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (170.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

A maiores, o mecanismo de seguimento tamén se realizará en base ás “certificacións de actuación”, asinadas pola ASOCIACIÓN correspondente, cuxo modelo se incorpora como anexo II do presente convenio. Estas certificacións deberán aportarse en cada un dos pagamentos solicitados, que se estipulan na cláusula oitva do presente convenio.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras ASOCIACIÓNs distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras ASOCIACIÓNs que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, O10, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Estipúlanse tres pagamentos según o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento no mes de xuño, que se tramitará previa solicitude polo Rexistro xeral, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado ata o 31 de maio, e polo importe total correspondente ao programa de formación continua para músicos "Aulas de música".
- b) Un segundo pagamento no mes de outubro, que se tramitará previa solicitude polo Rexistro xeral, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado ata o 30 de setembro
- c) Un terceiro e derradeiro pagamento no mes de decembro, que se tramitará previa solicitude polo Rexistro Xeral, polo importe correspondente ás actuacións realizadas nos meses de outubro, novembro e decembro. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 15 de decembro de 2017.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

Documentación a incluír na conta xustificativa para cada un dos pagamentos estipulados:

- *Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.*
 - *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
 - *Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*
 1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
 2. *Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
 3. *Memoria de prensa.*
 4. *Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
 5. *Reportaxe fotográfica.*
4. *En particular, e con relación ao programa "Aulas de música", a memoria xustificativa debe incluír a maiores: relación de cursos e actividades realizadas (entidades, profesorado, duración, etc), contido das materias impartidas e número de alumnado participante nas diferentes actividades.*
 5. *Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.*
 6. *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*
 7. *As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*
 8. *Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.*
 9. *Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola ASOCIACIÓN beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*
 10. *Os custos salariais acreditaranse con copias do contrato de traballo, nóminas asignadas polo perceptor e pagadas, ou extracto bancario no seu caso, así como xustificantes correspondentes ás cotizacións da seguridade social.*

Cando a ASOCIACIÓN beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que

resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2017 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da ASOCIACIÓN, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto

no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da ASOCIACIÓN a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

O concelleiro-delegado da Área
de Cultura

O presidente da Federación de Bandas
de Música Populares de Vigo

Cayetano Rodríguez Escudero

Enrique Lorenzo Vila

ANEXO I

ORZAMENTO DOS PROGRAMAS "VIGO, UN MAR DE BANDAS" E "AULAS DE MÚSICA"2017

1.- GASTOS:

Actuacións de bandas de música	111.000 €* Programa "Aulas de Música"	50.100 € Publicidade e produción	8.900 €
--------------------------------	--	-------------------------------------	---------

TOTAL GASTOS **170.000 €**

* Os importes que se establecen por actuación e banda, á proposta da ASOCIACIÓN, son as seguintes:

Unión Musical de Valladares	1.340 €
Escola de Música de Beade	1.340 €
Agrupación Musical Atlántida de Matamá	1.340 €
Unión Musical de Coruxo	1.220 €
Lira de San Miguel de Oia	1.220 €
Escola de Música da UVCD de Candeán	1.220 €
Unión Musical de Cabral	1.220 €
As Delicias do Caeiro-Cabral	1.100 €

Ateneo Musical de Bembrive

1.100 €

2.- INGRESOS:

Subvención Concello de Vigo

170.000 €

TOTAL INGRESOS

170.000 €

ANEXO II

**CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN
BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO
PROGRAMA “ VIGO, UN MAR DE BANDAS 2017”**

D/Dna.....
en representación da entidade
CIF, con domicilio social en
de VIGO, teléfono/s de contacto.....
correo electrónico

EXPÓN:

1. Que a banda popular de música..... realizou o concerto programado pola Federación de Bandas Populares de Música de Vigo, en colaboración coa Concellería da Área de Cultura, na citada entidade, o día de de 2017, en.....
2. Que a banda presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.
3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de

OBSERVACIÓNS:.....

.....

VIGO, de de 2017

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asinado:

17(518).- REVISIÓN DO IPC DO CONTRATO DO SERVIZO DE INFORMACIÓN E DINAMIZACIÓN XUVENIL. EXPTE. 4917/336.

Visto o informe xurídico do 3/04/17 e o informe de fiscalización do 4/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 9/05/17, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude e a concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

A Xunta de goberno Local, en sesión de 19 de xullo de 2013 adoptou o seguinte acordo: "Adxudicar a Xoma Iniciativas Sociais S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de Información e Dinamización Xuvenil, por un total de 742.290,62€ € (ive incluído)". A data de formalización do contrato foi o 26/08/2013.

Para establecer a data dende a que procede a revisión tomarase a data do último día de presentación de ofertas (30/03/2013) e engádeselle 3 meses (30/06/2013). Dado que pasaron máis de 3 meses dende o último día de presentación de ofertas, esta será a data a partir da cal se aplicará a revisión do IPC.

Polo tanto, e a vista do anterior, a anualidade do contrato obxecto de revisión é de importe 202.442,90 €/ano (10% iver incluído), 184.039 €/ano sin iver, e para proceder á **1ª revisión** do mesmo, aplicaráselle o 50 % do incremento do IPC que medie entre a data da revisión **xuño 2013 (30/06/2013)** e a data de **agosto 2014 (01/09/2014)**, que segundo o INE foi o -0,7 %, polo que o 50% é de **-0,35%**, que aplicado o prezo inicial do contrato resulta un **prezo revisado de 201.734,35 €/ano iver incluído para facturas do período 1 setembro 2014 –31 agosto 2015, sendo o importe do IPC -708,55 €/ano.**

Para a **2ª Revisión** do período **agosto 2014 – agosto 2015**, o índice segundo o Instituto Nacional de Estatística é -0,4% %, que aplicado o 50% é **-0,2 %** de 201.734,35 €/ano (iver incluído) =201.330,88 €), polo tanto, o importe do contrato a partir de agosto 2015 é de **201.330,88 €** co iver incluído do 10%, **para facturas do período 1 setembro 2015 –31 agosto 2016, sendo o importe do IPC -403,47 €/ano.**

Para a **3ª Revisión** do período **agosto 2015 – agosto 2016**, o índice segundo o Instituto Nacional de Estatística é -0,1%, que aplicado o 50% é o -0,05% de 201.330,88 €/ano (iver incluído) =201.230,21€), polo tanto o importe do contrato a partir de agosto 2016 é de 201.230,21€, **para facturas do período 1 setembro 2016 –31 agosto 2017 sendo o importe do IPC -100,67 €/ano.**

Cálculo dos atrasos

1ª Rev.: período de facturación 1 setembro 2014 – 31 agosto 2015 : 201.734,35/ano (iver incluído) :12 meses= 16.811,19 €/mes.

2ª Rev.: Período de facturación 1 setembro 2015 – 31 agosto 2016 son os seguintes: 201.330,88 € /ano (iver incluído): 12 meses=16.777,57 €/mes.

3ª Rev. : Período de facturación setembro 2016 - agosto 2017 son os seguintes: 201.230,21 €:12 meses = 16.769,18 €.

1ª REVISIÓN IPC.-

Período 1 setembro 2014 -31 agosto 2015 = - **708,55 €**

Período 1 setembro 2015 -31 agosto 2016 = - **708,55 €**

Período 1 setembro 2016 -28 febreiro 2017 =- **354,27 €**

TOTAL A REGULARIZAR = - 1.771,37 €

2ª REVISIÓN IPC.-

Período 1 setembro 2015 -31 agosto 2016 = - **403,47 €**

Período 1 setembro 2016 -28 febreiro 2017 =- **201,73 €**

TOTAL A REGULARIZAR = -605,2 €

3ª REVISIÓN IPC.-

Periodo 1 setembro 2016 -28 febreiro 2017 = **50,33 €**

TOTAL A REGULARIZAR = -50,33 €

TOTAL ATRASOS 1º,2º,E 3º REVISIÓN (1/9/2014-28/02/2017) = -1.771,37€ + -605,2 € + -50,33 € = - 2.426,9 €

Dito importe regularase unha vez que aprobe o expediente a Xunta de Goberno Local.

A FACTURA MENSUAL A PARTIR : 201.230,21 €/ANO:12 = 16.769,18 €

Polo exposto anteriormente, previo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

ACORDO:

1. “Aprobar a 1ª revisión do prezo do contrato servizo de Información e Dinamización Xuvenil período xuño 2013 – agosto 2014, fixando o mesmo a partir de 01/09/2014 ata o 31/08/2015 en 201.734,35/ano (ive incluído).
2. Aprobación da 2ª Revisión de prezos do período agosto 2014 – agosto 2015, fixando o mesmo a partires do 01/09/2015 ata 31/08/2016 en 201.330,88 € .
3. Aprobación da 3ª Revisión de prezos do período agosto 2015 – agosto 2016, fixando o mesmo a partires do 01/09/2016 ata 31/08/2017 en 201.230,21€.
4. Aprobar as seguintes diferencias correspondentes aos periodos:
 - **Periodo setembro 2014- agosto 2015:** Diferencia = **-708,55 €** a favor da administración.
 - **Período setembro 2015 – agosto 2016 :** Diferencia = **-708,55 +-403,47€ = -1.112.02 €** a favor da administración.
 - **Periodo setembro 2016 - febreiro 2017 (6 meses) :** Diferencia = **- 354,27 €+ - 201,73 € + - 50,33 € = -606,33 €** a favor da administración.
TOTAL A FAVOR DA ADMINISTRACIÓN = -708,55 € + - 1.112,02 € + - 606,33 € = 2.426,9 €.
5. Aprobar o importe da facturación mensual a partir do 01/09/2016 : 201.230,21 €: 12 = **16.769,18 €.**”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(519).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez